

A. Santamarina (2008): “Os dicionarios históricos. Trazos dun dicionario histórico galego e consideracións sobre a súa viabilidade”, en E. González Seoane / A. Santamarina / X. Varela Barreiro (eds.): *A lexicografía galega moderna: recursos e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 343-392.

A bibliografía que aparece ao final do traballo pertence ao conxunto da obra na que este foi publicado.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

OS DICIONARIOS HISTÓRICOS. TRAZOS DUN DICIONARIO HISTÓRICO GALEGO E CONSIDERACIÓNS SOBRE A SÚA VIABILIDADE

Antón Santamarina

Instituto da Lingua Galega. USC

1. OLLADA ÓS DICIONARIOS HISTÓRICOS

Un dicionario é unha obra na que se lle mostra a alguén o uso e o valor das palabras ou calquera outra información sobre elas; daquela, o autor dun dicionario antes de acometer a súa obra imaxina un lector ideal e segundo as necesidades deste lector ideal fai un dicionario dun tipo ou doutro. Por iso hai moitos tipos de dicionario aínda que por antonomasia, cando dicimos dicionario, pensemos nos que se organizan alfabeticamente e se refiren ó uso actual dunha lingua. Que os lemas estean nunha lingua e as explicacións noutra ou noutras é un trazo engadido que ten outras explicacións, algunhas entendibles e outras non; por exemplo, que o *Französisches etymologisches Wörterbuch (FEW)* teña os lemas en francés e os testemuños sexan todos do francés e o occitano e os dialectos respectivos e en cambio estea redactado en alemán débese só a que Wartburg manexaba mellor o alemán có francés e a redacción dos artigos en alemán lle consumía menos tempo. A historia da lingua mesma explica, se é que nesa lingua os hai, tamén algúns trazos dos seus dicionarios. Por exemplo, no caso dos dicionarios galegos anteriores ós 80 a maior parte do léxico incluído era de procedencia popular; o lexicógrafo confundíase co dialectólogo; aínda polos anos 50 Aquilino Iglesia Avariño (que tamén papeletizaba autores) andaba co seu caderno na man á caza de palabras, mesmo nas tabernas de Santiago, das que era asiduo e onde o coñecían coa alcuña de “o home das palabras”. Esa mesma historia externa explica bastantes trazos dos dicionarios aparecidos despois dos 80 na medida en que reciclan con maior ou menor filtrado (en xeral cun criterio normativista) os dicionarios “dialectolóxicos” anteriores.

Pois ben, entre a variada gama de dicionarios existente para o galego (lingua, dúbidas, sinónimos, rima, falas, nomenclaturas, terminoloxías, etc.) hai a lagoa dun dicionario histórico, ou sexa, un dicionario onde cada

entrada conteña a biografía enteira da palabra. É verdade que o público destinatario deste tipo de dicionarios é restrinxido, como o é o de receptores dunha gramática histórica, que ten só unha clientela nos especialistas, nativos ou alleos, interesados pola historia da lingua. Con todo hai unha diferenza grande entre a gramática e os dicionarios; os procesos de palatalización de nexos consonánticos latinos en romance só interesan a un pequeno clan de historiadores da lingua; en cambio a historia de cada palabra é coma un pequeno fragmento da historia da cultura dun pobo; por iso un dicionario histórico ten un público que abarca, fóra dos lingüistas, especialistas en moitas outras materias (historiadores, etnógrafos, xuristas...) e lectores cultos curiosos aínda que non teñan intereses profesionais determinados.

Polas súas características os dicionarios históricos non adoitan ser obra de iniciativa privada, porque non son obras rendibles economicamente, senón de institucións académicas (Universidades ou Academias), aínda que hai excepcións.

Os dicionarios históricos teñen un antecedente nos dicionarios de autoridades. Entre os románicos está o *Vocabolario della Crusca* (1612), que non fai en realidade outra cousa que trasladar a un dicionario monolingüe romance o que xa se viña facendo cos grandes lexicóns das linguas clásicas desde o comezo do Renacemento, a saber, exemplificar con citas reais de escritores clásicos os varios sentidos dunha palabra. O *Diccionario de Autoridades* da Real Academia Española (1726-39) ou o Johnson (1755) e, despois deles, moitos outros seguen o exemplo do da Crusca. En linguas como o italiano ou o español, onde a distancia entre a lingua antiga e a moderna é escasa, os dicionarios de autoridades (porque as inclúen de toda a historia da lingua) funcionan como dicionarios históricos ou pouco lles falta; é o caso do Tommaseo / Bellini (1865-1879), ou o seu derivado na UTET de Salvatore Bataglia (1904-1971) / Giorgio Bàrberi Squarotti (1929-) (Bataglia 1961-2002). Con todo, os primeiros prototipos de dicionarios históricos só se idean e aparecen na segunda metade do século XIX, cando se aplica con rigor ós léxicos nacionais a mesma metodoloxía histórica que se aplicaba ás gramáticas. Non é así estraño que os que idearon o primeiro dicionario histórico dunha lingua moderna, o *Deutsches Wörterbuch* (DWB), (fosen filólogos de profesión como é talmente o caso dos irmáns Grimm –Jacob (1785-1863) e Wilhelm (1786-1859)–; os indoeuropeístas recordan o primeiro pola *Deutsche Grammatik* (J. Grimm 1819-1837), onde se formula por primeira vez a célebre lei da mutación consonántica; e os nenos de todo o mundo recordan a ambos polos contos populares. Ambos eran profesores e bibliotecarios e por razóns políticas foron apartados

dos seus cargos (a Tommaseo, que tamén era folclorista e escritor –pero era xurista de profesión– pasoulle o mesmo varias veces en Italia). Cesantes ofrecéronse a un editor de Leipzig para facerlle un dicionario do alemán en 6 volumes que mellorase os de J. Ch. Adelung (1774-1786) e o de J. H. Campe (1807-1812). A idea dos Grimm era facer un dicionario que presentase o léxico alto-alemán conforme o testemuño dos escritos posteriores á segunda metade do século XV ata o momento actual. Excluíase, daquela, toda intención normativa e outorgábaselle valor primordial á cronoloxía e á forma da voz documentada para establecer a historia de cada palabra. Estaba previsto que a obra se acabase en 10 anos. Coa axuda de 80 colaboradores voluntarios comezaron o traballo en 1838 e no 52 apareceu o primeiro fascículo. Wilhelm morreu no 59 e foi responsable da redacción da letra D; Jacob morreu no 63; redactara as letras A B C E e estaba na palabra *Frucht* do F. Levaban un 25% da obra feita. Erraran todas as contas porque a obra foi acabada moito despois e por outras persoas; non resultaron 6 volumes senón 32; e non foron 10 anos posto que a obra só rematou en 1961, 123 anos despois de comezada, 107 despois de aparecido o primeiro fascículo e 98 despois de desaparecido o último Grimm. Despois da morte dos Grimm pasou a responsabilidade do *DWB* a principios do XX á Academia dos Científicos de Prusia (Preußische Akademie der Wissenschaften) co taller en Göttingen, e en 1930 á Academia de Berlín. Desde 1957 (nunha cooperación entre as dúas Alemañas a través das universidades de Berlín e Göttingen, que continúa despois de reunificado o país) trabállase na reelaboración das letras A-F; o primeiro fascículo apareceu en 1965 e está previsto rematar no ano de 2012. A duración do proxecto provocou unha muda de criterios editoriais (ademais do enriquecemento da documentación); así é que unha voz como *essen* redactada por Jacob en 1862 ten oito columnas, mentres que *trinken* redactada en 1950 ten trinta e sete¹. Son moitas as ensinanzas que se poden extraer da obra do *DWB*. Metodoloxicamente puxo os fundamentos da lexicografía histórica que despois serían moi refinados pola obra do *New English Dictionary on Historical Principles (NED) –Oxford English Dictionary (OED)* desde 1895–, e de aquí exportados a outras obras semellantes (entre elas o propio *DWB* reelaborado). Pero igual de importante é salientar cómo a obra se fraguou co saber, o entusiasmo e a entrega dos dous autores e coa colaboración desinteresada de moitos patriotas amantes da lingua; cómo se continuou por varias xeracións de lexicógrafos, que seguen a chamarlle en honor dos iniciadores o *Dicionario Grimm* aínda que da pluma deles

1. Para este e outros pormenores véxase Osselton (2000).

xa non queda case nada nos artigos do dicionario; e finalmente cómo o goberno acabou considerando ese dicionario un monumento á cultura da nación alemá e acabou apoiando economicamente o proxecto aínda que supoña un investimento do que non se pode esperar unha rendibilidade económica (a pesar de haber cerca de 100 millóns de xermanófonos posibles compradores). A primeira versión está dispoñible na rede (<http://germazope.uni-trier.de/Projects/DWB>).

O seguinte gran fito na lexicografía histórica foi o dicionario do inglés, que xurdiu dunha iniciativa da Philological Society, unha entidade privada (unha especie de academia) fundada coa intención de promover os estudos sobre a estrutura, afinidades e historia das linguas. Fundouse en 1842. A finais dos 50 (1857) varios membros da sociedade comezaron a manifestarse sobre as deficiencias dos dicionarios dispoñibles na época e en 1858 puxeron en marcha a iniciativa dun dicionario histórico que tivo como primeiro editor (maio de 1860) a Herbert Coleridge (un neto do poeta), desaparecido ó pouco tempo (abril do 1861) vítima da tuberculose (contraída nunha reunión da PhilSoc á que asistiu coa roupa mollada); tiña 31 anos; deixaba 100.000 fichas. Entrou outro novo editor, Frederick Furnivall; puxo en marcha un exército de lectores voluntarios (ata 800) que reuniron unha cantidade enorme de fichas, almacenadas ata 1879, a maior parte no domicilio particular de Furnivall; outras nos domicilios de subeditores que as tiñan para ordenar (cando trataron de recuperalas a letra H estaba en Florencia na casa dun diplomático que as levara aló para traballar nelas). Na época de Furnivall unha boa parte das fichas volvéronse inservibles porque o tempo e os ratos as gastaran; outras foran convertidas en lixo; e outras (as de PA) foran usadas para acender o lume. En 1876 a PhilSoc tomou a determinación de nomear un novo responsable do dicionario e involucrar na empresa unha editorial que explotaría os beneficios da edición. Propúxose a James Murray (1837-1915), que daquela tiña 39 anos, para editor (que traballaría a tempo parcial) e á Clarendon Press da Universidade de Oxford como empresa editora. O dicionario levaría dez anos de traballo e tería 4 volumes de 2.600 páxinas cada un. Despois de moitas negociacións os delegados da Oxford University Press asinaron o contrato con Murray. O editor redactou un novo chamamento con instrucións precisas de cómo facer unha nova colleita de citas, publicouno na prensa e distribuíno por librerías e bibliotecas. Ó pouco tempo comezaron a chegar ó seu *scriptorium* unha media de 1.000 fichas por día; en 1882 tiña 3 millóns e medio, en cuxa ordenación colaborou moita xente, entre eles varios membros da súa propia familia, que era moi numerosa e traballadora. En 1884 apareceu o primeiro fascículo. No 1888 un dos

asistentes de Murray, Henry Bradley (1845-1923), foi promovido a coeditor (traballou ata o 96 en Londres e despois en Oxford). A memoria foi inxusta con Bradley, porque nolo presenta coma unha sombra de Murray, pero o seu traballo no *OED* foi case tan importante coma o do fundador. Ningún dos dous editores chegou a ver a obra acabada; Murray morreu en 1915 despois de ter redactado as letras A-D, H-K, O-P e T; Bradley morreu en 1923, despois de facer as letras E-G, L-M, S-Sh, St e W-We. Antes diso xa se incorporaran outros dous editores, William Craigie (1867-1957) en 1901 (letras N, Q-R, Si-Sq, U-V e Wo-Wy), e Charles T. Onions (1873-1965), en 1914 (letras Su-Sz, Wh-Wo e X-Z). Ou sexa, que despois dun determinado momento funcionaban catro equipos redactores para acelerar o remate da obra, que cada vez se botaba máis fóra dos prazos previstos (13 anos, que en realidade foron 52), pois só o 19 de abril de 1928 saíu o último fascículo (desde *Wise* ata o final de *W*). Agora a obra era encadernable (e en realidade a partir de aí vendeuse encadernada); eran 10 volumes. No ano 1933 apareceu un suplemento e o dicionario foi reimpresso en 12 volumes. No 1957 nomeouse un novo editor, o neozelandés Robert Burchfield (1923-2004), que actualizou a obra con materiais especialmente do XX de todos os países angloparlantes. Cando foi nomeado pola editorial en 1957, encargóuselle un Suplemento que se prevía levaría sete anos e tería 1.275 páxinas; levoulle 29 anos, e foron 4 volumes cun total de 6.000 páxinas. Apareceron entre 1972 e 1986; daquela, nese ano o *OED* estaba en 16 volumes. A editorial tomou despois a determinación de integrar todos os engadidos nunha edición que apareceu en 1989 (20 volumes, 22.000 páxinas), así como de preparar unha edición electrónica que circula desde 1992 (hoxe están na versión 3.1).

Tamén no *NED* (*OED*) hai que destacar traballo dos voluntarios, algúns deles fornecedores de paquetes de ata 165.000 fichas² dos 5 millóns que chegou a ter o ficheiro de Murray; a xente comprendeu que se trataba dun “dictionary worthy of the great English nation” (*The Times* 1869) e prestouse a axudar desinteresadamente. Tal era o orgullo dos voluntarios que algún chegou mesmo a deixar mandas de 1.000 libras no seu testamento para Murray. O mesmo volveu manifestarse en resposta ó chamamento de Burchfield no ano 1957. Pero por encima de todo iso estivo o talento e a preparación de Murray así como a súa capacidade monstruosa de traballo. E todo sen apoio da coroa. Na célebre conferencia de Murray *The evolution of English lexicography* hai unha velada queixa disto cando se refire a como o goberno francés publica (1852) o *Esclarcisemet* de Palsgrave:

2. Thomas Austin Jr. levaba esa cifra en 1888. Cfr. Gilliver (2000).

Entre os cambios de goberno que viu Francia nos últimos tempos, nunca esqueceu que a historia da lingua francesa [...] é parte da historia de Francia; o goberno británico non chegou aínda hoxe á situación de percibir isto (Murray 1900).

Hai moitos lugares onde se conta a historia desta obra monumental, “the greatest enterprise of its kind in history” (Winchester 2003: XV, que cita as palabras do Primeiro Ministro Baldwin o 6 de xuño de 1928 cando se fixo a festa de presentación do último volume); “the finest dictionary ever made in any language” (Winchester 2003: XXIII). Entre as moitas obras que falan do *OED* hai unha dunha neta do propio Murray (Murray 1977) e outra editada por Lynda Mugglestone (2000b)³.

As cualidades do *OED* mellor que dicilas é velas na realidade. É un dicionario rigorosamente histórico: cada palabra figura coas súas diferentes formas históricas e modernas e os significados están organizados tamén historicamente conforme van aparecendo e desaparecendo; en palabras de significación complexa os sentidos agrúpanse por bloques de afinidades, cada un deles dividido en subapartados xerárquicos necesarios, cos seus significados ben exemplificados e datados. Ademais das formas e os significados, cada palabra leva, se son necesarias, outras indicacións (área, rexistro, etc.). Neste sentido foi e segue a ser modelo para outras empresas e isto é algo que procede do modo en que foi concibido desde o principio. Por iso, ó contrario do que ocorreu co dicionario dos Grimm, que na redacción actual xa non ten practicamente nada do texto redactado polos dous irmáns, no *OED* todo o que redactaron Murray e os coeditores que traballaron con el e o sucederon segue a ter validez total; nas novas edicións non hai nada que quitar do que escribiron eles; engádense, iso si, novas palabras ou novos usos rexistrados ó longo do século XX ou póñense marcas de obsoletas a palabras ou acepcións que hoxe xa non circulan. Iso é o que xustifica que aumente de tamaño; de feito a primeira edición tiña 252.259 entradas, na segunda engadíronse 41.752 entradas novas e integrouse nova información en 27.620 (cfr. a introdución da versión electrónica). No *OED* resultan non só admirables todas esas cousas que dixemos tanto de Murray como dos outros colaboradores e do pobo británico en xeral, senón tamén o atrevemento dunha empresa privada (a OUP), que, non sen tensións entre os conselleiros da editorial (profesores da Universidade de Oxford), que non paraban de reclamar o remate da obra, e os traballadores do *OED*, que non paraban de ampliar o produto e adiar o seu

3. ^oPara unha historia resumida véxanse as páxinas do propio *OED* na rede: <http://dictionary.oed.com/about/history.html> e <http://oed.hertford.ox.ac.uk/main/>

remate, soubo apostar por unha obra que acabou converténdose nun dos principais monumentos da cultura mundial do século XX.

Á zaga do *DWB* e do *OED* foron construíndose monumentos semellantes para outras linguas europeas ó longo do século XX (algunhas iniciadas tamén no XIX), en especial en países de linguas xermánicas, promovidos polas academias e financiados con diñeiro dos orzamentos do estado. Todos teñen os trazos esenciais do *OED* ou, se non foron concibidos con eles, acabaron adoptándoos.

O primeiro e o *Woordenboek der Nederlandsche Taal* (*WNT*), que comezou a organizarse algo antes có *OED*. As súas orixes remóntanse a 1850, cando se constituíu unha comisión liderada por Matthias de Vries (1820-1892); no ano seguinte nun congreso presentou un plan para un dicionario holandés e nomeouse un comité editorial formado polo propio de Vries e por Lammert te Winkel (1806-1863); por certo, os dous son os reformadores da ortografía holandesa actual. O dicionario desde o principio foi froito dunha colaboración entre holandeses e flamengos; en 1852 comezou a recolleita de materiais. A empresa (como a alemá) comezou pola iniciativa privada dos promotores e dunha editorial; deu problemas ata que o goberno holandés se fixo cargo dos gastos despois da primeira guerra mundial. O plan do dicionario mudou a partir da década de 1880; en principio prevíase que fose un dicionario do holandés do século XIX; polo tanto non ía ser histórico (o modelo estaba máis no Littré ca nos Grimm); pero a medida que colleitaban documentación, por consello dos Grimm, foron recuando ata o 1500 e tomando tamén en consideración documentación non literaria (artes e ciencias), ademais dos dialectos, transformando así a idea do dicionario ó estilo do *OED*. O primeiro fascículo apareceu en 1883⁴ e o último en 1998 (684 fascículos, 40 volumes); o INL (Institut voor Nederlandse Lexikologie) está actualizando constantemente a obra, agora con procedementos novos. Pasaron cinco xeracións de lexicógrafos desde que se comezou (http://www.inl.nl/index.php?option=com_content&task=view&id=222&Itemid=244).

Pero a lingua holandesa non dispón só do *WNT*, pois un dialecto moi importante dela e falado en Sudáfrica, o afrikaans, ten tamén o seu *Woordeboek van die Afrikaanse Taal* (*WAT*). O afrikaans é unha variante do holandés levado primeiro por colonias de protestantes no século XVII e despois por comerciantes e traficantes; hoxe é unha variante estandarizada como lingua á parte, falada como primeira ou segunda lingua por máis de 16 millóns (o holandés fálano uns 22 millóns). O *WAT* iniciouse

4. A introdución de De Vries é de marzo de 1882 (nótese a coincidencia co *OED*).

nos anos 1920, comezouse a publicar en 1951 (volume I) e está en curso de publicación aínda; no 2005 apareceu o volume XII (letras P-Q). Naturalmente agora traballan con ferramentas electrónicas; pódese mercar en CD ata a letra O; pero aínda non está dispoñible a súa consulta en rede (<http://www.wat.co.za/>).

Outro dicionario histórico xermánico é o *Svenska Akademiens ordbok* (SAOB) tamén coñecido como *Ordbok över svenska språket utgiven av Svenska Akademien*. Aínda que está nos estatutos da Academia, de 1786, formar un dicionario similar ó doutras academias (particularmente ó da francesa), a obra do dicionario da Academia Sueca só se puxo en marcha cen anos despois (1883); Theodor Wisén (1835-1892) foi o responsable de facelo e naturalmente desde aquela tivo varias xeracións de redactores. Contén o vocabulario sueco desde 1521 á actualidade. Entre 1898 e 2007 fixeron os fascículos que van ata o número 363; a última entrega contén as letras TILL-TOJS (marzo de 2007); prevese que remate para o 2017; pode verse información na rede (<http://www.saob.se/>) e consultarse en liña (<http://g3.spraakdata.gu.se/saob/>). Ten unha novidade con respecto ó Grimm, ó *OED* e ó *WNT* en que rexistra nomes propios e topónimos (cosa que tamén veremos noutros dicionarios históricos ós que nos referiremos despois).

En Dinamarca hai o *Ordbog over det danske sprog* (ODS), iniciado en 1901 por Verner Dahlerup (1859-1938). Comezou sendo unha empresa privada, de Dahlerup e da súa muller, e acabou pasando a Sociedade Danesa de Lingua e Literatura. Comprende o vocabulario danés desde 1700 a 1955. Ten 28 volumes e publicouse entre 1919 a 1956; no 1992 actualizouse cun *Supplement*. Agora está dispoñible na Internet (http://ordnet.dk/ods/bo-gvaerket_html).

O máis asombroso de Dinamarca é que ademais teñen un *Jysk Ordbog* (JOB), con datos dos dialectos iutos (jutish ou jutlandic), iniciado por Peter Skautrup (1896-1982), coñecido tamén por unha monumental historia da lingua danesa en catro volumes + índice (Skautrup 1944-1968); está na Universidade de Aarhus e é accesible en rede (<http://www.jyskordbog.dk/hjemmesider/index.html>). Descoñezo o tamaño (non ten formato papel) pero debe ser grande porque en 1980 o ficheiro tiña 3.000.000 de fichas.

En Noruega o *Norsk Ordbok* (NOB) (do nynorsk) (<http://no2014.uio.no/>) comezou a compilarse en 1930. En 1950 apareceu o primeiro volume; no 2007 apareceu o vol VI (*k-kåvå*); está previsto que acabe en 2014 con 12 volumes (de 800 páxinas). Abarca o noruegués desde 1650 ata a actualidade. Comezou sendo un corpus de fichas manuais; hoxe ten ademais un corpus informatizado de 25,6 millóns de rexistros. Neste momento, ade-

mais da directora do proxecto (e outros responsables), ten seis grupos de redactores de catro persoas cada un na Universidade de Oslo⁵.

Para as linguas románicas hai poucos produtos equiparables o *OED*; os dicionarios de autoridades (tipo Battaglia) só son históricos en parte porque o material sobre o que traballan é exclusivamente literario.

Para o castelán houbo, como é sabido, dous intentos falidos. Un que partiu dunha iniciativa da Academia en 1914, deseguida desactivada, reiniciada nos anos 20 e que grazas en especial ó labor de académicos como García de Diego, Cotarelo e Casares logrou sacar en 1933 o primeiro volume (a letra A) e en 1935 o segundo (letra B e parte da C) (RAE 1933-1936). A guerra paralizou a obra e, máis grave aínda, un incendio queimou a Editorial Hernando, que almacenaba a edición case enteira. En realidade, o dicionario histórico de 1914 era histórico só no título, dado que na práctica era unha renovación do de Autoridades de 1726-1739, pero máis completo e actualizado. Despois da guerra volveuse a iniciar a obra do dicionario histórico. En 1946 creouse na Academia o Seminario de Lexicografía, que sería o encargado de levar adiante a obra do dicionario. En 1947 comezou de novo o traballo cun novo plan (desbotado o plan do 14, polas razóns ditas); o encargado de deseñalo era Casares e a nova iniciativa obrigaba a recompilar novos materiais porque os ficheiros da Academia (que almacenan fichas desde o *Diccionario de Autoridades*) contiñan un material tan anticuado e defectuoso (fichas baseadas en malas edicións e a maior parte das veces con mala localización), que fixo necesario comezar de novo. Fíxose un chamamento semellante ó de Murray pero apenas respondeu máis que un colaborador (o arcebispo galego Leopoldo Eijo Garay)⁶. Polo procedemento que fose, os ficheiros da Academia pasaron de 4 millóns de fichas en 1947 a 11 millóns en 1960. Neste ano apareceu o primeiro fascículo do novo dicionario histórico e en 1972 completouse o 1º volume, que xa non puido ver Casares, que morera no 64; responsabilizáronse del despois,

5. Como se ve, as linguas nórdicas teñen todas unha aparición literaria tardía; algunhas teñen case como textos fundadores a tradución da Biblia, do XVI.
6. No seu informe de 1948 á RAE Casares insiste nesta posibilidade dado que “todos los grandes Dictionarios del siglo XX han tenido desde el primer momento la preocupación de imbuir en el ánimo de la opinión culta de sus respectivos países el convencimiento de que, tanto las entidades patrocinadoras de dichas obras –Academias, Sociedades, Congresos, etc.– como cuantas personas se ponían abnegadamente a su servicio, se arriesgaban en una empresa patriótica, cuya gloria, en caso de buen éxito, rebasaría ampliamente el círculo de los iniciadores y ejecutores, para extenderse a la nación entera, elevando el prestigio de la respectiva cultura ante el mundo civilizado. Artículos de prensa, folletos, circulares, conferencias, todo pareció poco para crear un clima favorable a la gestación de esos dictionarios, que habían de ofrecer a propios y extraños la riqueza, la vitalidad y la gracia de la lengua materna como el reflejo más auténtico y luminoso del verdadero genio nacional”.

sucesivamente, García de Diego, Lapesa e Seco. Dos seguintes volumes só hai outro completo, o volume II (fasc. 11-20, publicados entre 1974 e 1992); do volume III saíron dous fascículos en 1994 e 1996, e do IV só un fascículo en 1996. Aquí interrompeuse por varias razóns, entre elas a falta de financiamento e a imposibilidade de establecer un equipo estable de redactores. Hoxe aquel proxecto pode darse por definitivamente paralizado. Na actualidade está prevista unha nova acometida dunha empresa que probablemente se vai chamar *Nuevo diccionario histórico de la lengua española (NDHLE)*, que nace con pretensións semellantes ó anterior de Casares, García de Diego e Lapesa, só que agora parece que hai garantido un financiamento estable por parte da administración, conforme se desprende das noticias de prensa segundo as cales o MEC financia a RAE con 1,2 millóns de euros ó ano, ó que se unirán as achegas de institucións e empresas (*El País* 25.01.2006). Sería bo que por fin unha lingua tan importante e defendida cunha política lingüística máis retórica que eficaz contase cun instrumento así. Os corpóra de que dispón o castelán (non só na Real Academia) proporcionan un material bruto moi abundante; con todo, os diferentes corpus parece que non satisfán os requisitos do editor (J. A. Pascual), e estase no seo da Academia a preparar un corpus electrónico ad hoc diferente do *CORDE* e do *CREA*. Mentres o diccionario histórico non aparece, o etimolóxico de Corominas cobre parcialmente a lagoa co esforzo persoal dunha soa persoa e con resultados forzosamente moi parciais (aínda así, un diccionario etimolóxico non é un diccionario histórico, por moito que en boa medida o presupón).

Tampouco Francia ten un diccionario histórico semellante ó *OED* (ou o *DHLE* do castelán, abortado). Pero ten varios produtos que o suplen case totalmente. Un deles é o *Trésor de la Langue Française (TLF)*, iniciado en 1957 pola sección de Nancy do CNRS baixo a dirección de Paul Imbs (despois substituído por Quemada e R. Martin). Foi o primeiro diccionario moderno que se compilou electronicamente (usando fichas perforadas). É un diccionario grande, con 23.000 páxinas, hoxe consultable gratuitamente en rede (<http://atilf.atilf.fr/tlf.htm>), e dispoñible en papel e CD. Non é un verdadeiro diccionario histórico, posto que só toma en consideración o francés escrito dos séculos XIX e XX; non comprende, daquela, ningunha palabra extinguida literariamente antes de 1800 nin palabras do francés dialectal antigo ou moderno; tampouco é histórico na medida en que prescinde da organización histórica das acepcións; en realidade foi concibido como unha parte dun diccionario histórico que terá (se se fan) cinco cortes sincrónicos da historia da lingua francesa. Aínda así, sendo só da última etapa, as palabras que perviven no francés literario moderno teñen ó final

de cada artigo unha xenerosa nota etimolóxica e histórica que dan conta da evolución formal e semántica da palabra desde as orixes ata o francés actual (cfr. por exemplo a voz *parole*).

Tampouco é un dicionario histórico canónico (a pesar do seu nome), polos mesmas razóns de que os lemas son unicamente os do francés estándar de hoxe, o *Dictionnaire Historique de la Langue Française (DHLF)* da editorial Robert, dirixido por A. Rey; dá a etimoloxía, a cronoloxía das formas e as acepcións principais e secuencia en que se xeraron; pero non ten exemplos; tampouco ten entradas dialectais nin arcaicas. Os dous, o *TLF* e o *DHLF*, dan case un dicionario histórico; o que falta hai que suplilo con dicionarios etimolóxicos coma o de Wartburg (*FEW*) ou o de Baldinger (1974-2006) (para o occitano), ambos inacabados, que teñen abundante información histórica e dialectal. Para o francés hai, daquela, un substituto do dicionario histórico, aínda que sexa repartido en tres ou catro dicionarios diferentes; por iso, seguramente nunca se formulou a idea de fabricar para o francés nada semellante ó *OED*.

Para Italia xa vimos que o Battaglia (*GDLI*) era case un dicionario histórico; de feito é moito máis ca un dicionario da lingua toscana de todos os tempos, porque entran non só toscanismos (con tal de que tivesen uso literario). Tanto Salvatore Battaglia (1904-1971) como Giorgio Bàrberi Squarotti (1929-), que o dirixiron, teñen un mérito inmenso, como tamén a empresa privada que o financiou, a UTET (Unione Tipografico-Editrice Torinese), que xa antes financiara o Tommaseo / Bellini (1865-1879). Por parte da Crusca hai, desde hai moito, proxectado un *Vocabolario storico della lingua italiana*, nunca realizado. Parte deste dicionario da Accademia, o que se refire á lingua das orixes ata 1375, está sendo realizado agora polo CNR, o *Tesoro della lingua italiana delle origini (TLIO)*, que concorre con outro *Glossario degli antichi volgari italiani (GAVI)* que se publica pola universidade de Helsinki desde 1983, ó coidado de Giorgio Colussi, e leva ata o momento 20 volumes aparecidos. Os dicionarios etimolóxicos, que para o italiano hai varios, e un especialmente monumental, o *LEI* de Pfister (agora na letra B), axudan a compoñer o perfil histórico do léxico italiano mentres non haxa o prometido da Crusca. En calquera caso, non hai nada en Italia (igual que en Francia) nunha obra única equiparable ó *OED*.

E isto é o que hai para as grandes linguas nacionais europeas occidentais (supoño que para o polaco, o ruso, o ucraíno, o checo ou o húngaro hai empresas históricas similares, pero bótanos máis lonxe e pertence a linguas menos accesibles). Pero quedan na Europa occidental linguas pequenas e mesmo dialectos sen vocación de lingua que teñen moito que ensinarnos en materia de lexicografía histórica. Entre estas linguas está

en primeiro lugar a catalá, que dispón dun *Diccionari català-valencià-balear* (DCVB) completo desde o ano 1962. A historia do dicionario catalán é exemplar para nós (e para moitos outros) e foi contada en numerosos lugares, de maneira moi pormenorizada nas memorias de Moll, que son unha memoria do dicionario mesmo na medida en que o DCVB foi a obra da súa vida. O dicionario catalán iniciouno, sen embargo, un manacorí, o cóengo Antoni M^a Alcover⁷ (1862-1932). En 1901 lanzou Alcover (como a PhilSoc de Londres e máis tarde Murray e aínda despois Burchfield) unha *Lletra de Convit a tots els amics de la llengua catalana* para que colaborasen na súa recolleita; nos cinco primeiros anos apuntáronse 1.643 voluntarios (con rendementos moi dispares) que enviaron máis de 700.000 cédulas; para manter contacto cos entusiastas do seu convite iniciou o *Bolletí del Diccionari de la Llengua Catalana* (1901-1926), folleto mensual que funcionaba de crónica do dicionario, entre outras cousas. Pero Alcover era só un “aficionado”, e ademais vía que el só ía ser incapaz de levar adiante a obra. En 1921 tomou como colaborador un mociño de 17 anos que se chamaba Francesc de Borja Moll (1903-1991), para quen procurou unha formación filolóxica sólida con mestres como Schädel e Meyer-Lübke. A historia do *Diccionari* foi moi azarosa. Unha das razóns foi o carácter “belicós”, “rústic i agressiu” (en palabras de Moll) do “calonge”, que entrou pronto en disputa co Institut d’Estudis Catalans, institució que patrocinaba o *Diccionari*, entre outras razóns porque Alcover quería facer un dicionario que fose á vez dialectal, histórico e literario e a maioría dos membros do IEC propoñían naquel momento a elaboración de tres dicionarios (un do catalán antigo, outro do moderno e outro dialectal); co IEC (e con Fabra persoalmente) mantivo discrepancias ortográficas. Isto motivou que Alcover rompese co IEC e que marchase en 1917 coa “calaixera” do dicionario para Mallorca, onde se ía facer de costas para o IEC; isto motivou tamén o cambio de nome da obra, que pasou a chamarse desde aquela *Diccionari català-valencià-balear* e non *Diccionari de la llengua catalana*. Outra dificultade foi a falta de medios, pois á parte dunha axuda que conseguiu Alcover do rei Afonso XIII, que durou só seis anos, e dalgunha institució, o *diccionari* estivo sempre ó borde da bancarrota. Aínda así, en xaneiro de 1924 comezou a redacció, con dous redactores (Alcover e Moll) e outros dous colaboradores fugaces; a finais do 1926 apareceu o primeiro fascículo; en 1930 estaba completo o primeiro volume. A recepció do dicionario foi pouco entusiasta (en especial no Principado, onde o catalanismo convertera a Alcover nunha especie de besta negra); isto repercutiu na falta

7. Gran recolledor de literatura oral, aínda son populares hoxe as súas Rondalles de Jordi des Racó.

de subscritores e de subvencións oficiais e motivou que Alcover comprometese a súa facenda e aínda a da familia; cando morreu en 1932 dun ataque de *feridura* (apoplexía) estaba completamente arruinado. En 1934, xa sen Alcover, completouse o volume segundo. A todas estas desgrazas hai que engadir a guerra civil; con ela o traballo do dicionario interrompeuse e Moll pasou a gañar a vida como impresor (na imprenta que o propio Alcover fundara para imprimir o dicionario) e como profesor de ensino medio. Moll continuou traballando só; desde 1943 a 1959 contou coa colaboración de Manuel Sanchis Guarner (1911-1981) e da súa filla Aina Moll; agora contaba coa subvención dun mecenas privado (o industrial barcelonés Enric Pérez i Capdevila) e cos fondos que recadaba das subscricións. En 1949 comezaron a saír de novo fascículos e grazas a unha campaña de márquetin moi ben organizada por simpatizantes do dicionario a obra puido concluírse sacando a razón de case un volume por ano (III, 1950; IV, 1951; V, 1953; VI, 1954; VII, 1955; VIII, 1957; IX, 1959; X, 1962). Nos anos seguintes reelaboráronse e reimprimíronse os dous primeiros volumes, e ademais prescindíuse neles da ortografía cismática de Alcover. O *DCVB* é unha obra extraordinaria tanto polo sacrificio con que foi levada a cabo como polo patriotismo dos seus iniciadores e redactores e mecenas, como polo contido mesmo, pois ten abundantísima documentación histórica, literaria e dialectal e está executada coa mellor técnica lexicográfica aínda que non siga rixidamente os principios históricos do *OED*; é en parte debedor do *GPSR* (do que imos falar), entre outras cousas, porque dá cabida a bastantes apelidos, que localiza nas áreas en que son orixenarios e abundan; en cambio, ó contrario do *GPSR*, non rexistra topónimos. En 1962, e aínda hoxe, ningunha lingua hispánica (incluídas as multimillonarias portuguesa e castelá) tiñan nada equiparable, nin de lonxe. Pode consultarse en rede (<http://dcvb.iecat.net/>).

Todas as linguas que vimos ata agora son linguas de estado. Algunhas delas teñen detrás un potencial demográfico enorme e todas elas teñen unha tradición literaria longa, de ata 12 séculos algunha. O caso do catalán é particular porque ten grande tradición literaria pero non ten estado, aínda que no Principado se ten manifestado suficiente vontade nacional como para telo. Pero dentro da tradición lexicográfica europea, próxima a nós, hai tamén casos de variedades rexionais sen vocación de lingua para as que se desenvolveron empresas lexicográficas de grande envergadura. Os dicionarios resultantes teñen moito parecido cos dicionarios históricos mencionados, coa diferenza de que nestes casos os testemuños literarios son moito máis escasos e os dialectais máis abundantes. Están neste apartado os catro grandes dicionarios realizados en Suíza para as catro variedades xermá-

nica e románicas alí falados. Están todos auspiciados desde 1996 pola Academia Suíza de Ciencias Humanas e Sociais e na súa páxina poden verse as referencias (<http://www.sagw.ch/frz/index.asp?pag=Kommissionen>). Vou mencionalos porque son obras exemplares, honra do país que apoiou a súa elaboración e dos filólogos que os iniciaron e continuaron.

Comezo polo *Glossaire des patois de la Suisse romande (GPSR)*, dicionario dialectal que rexistra todas as palabras patesas que estiveron ou están aínda en uso no interior dos límites da Suíza romanda; acolle tamén as palabras e usos particulares do francés suízo. Por riba o *Glossaire* reserva un lugar importante ós nomes de persoa e ós nomes de lugar romandos. Foi ideado arredor de 1890 por Louis Gauchat (1866-1942), unha especie de Leite de Vasconcelos suízo, mesmo celibatario como aquel. Gauchat soubo convencer as autoridades federais e cantonais para amparar economicamente a obra de recolleita dos *patois* franco-provenzais de Suíza; en 1899 a Comisión Administrativa (composta polos xefes de Instrución Pública dos cantóns francófonos) deu luz verde a un proxecto que aínda dura 107 anos despois; os tres primeiros redactores (que imprimiron carácter á obra) foron Gauchat, Jules Jeanjaquet (1866-1950) e Ernst Tappolet (1870-1939). As oficinas do *GPSR* estiveron primeiro en Berna, despois en Lausana (1956) e agora están en Neuchâtel (1972). Os tres redactores fixeron un número considerable de enquisas, algunhas delas en profundidade, ós mellores informantes; en trece anos xuntaron máis dun millón de fichas. Baleiraron tamén unha rica colleita de textos (moitos deles manuscritos cedidos polos herdeiros dos autores a arquivos e museos). E incorporaron o Ficheiro Muret (Ernest Muret) con máis de 150.000 topónimos. Naturalmente o *GPSR* non é un dicionario histórico ó estilo dos descritos, porque non se refire a unha lingua viva, senón a unha lingua de museo, recuperable só a través de textos e dos poucos falantes rurais sobreviventes a principios do XX; pero explica con pormenor semellante ós dicionarios históricos toda a riqueza de variantes formais e de contido dos diferentes lemas. Comezou a publicarse en 1924 e na actualidade estanse redactando as letras F e G⁸. Aínda que no seu sitio non dixemos de maneira clara se o *DCVB* ten un modelo, o máis próximo é o *GPSR*, e non os dicionarios históricos tipo *OED* ou *DHLE*. Na Internet hai información do *Glossaire* e ligazóns a outros sitios (<http://www.gpsr.ch/>)⁹.

8. O último fascículo aparecido é o 112 (2006), pertencente ao tomo VII, que abrangue o fragmento *fragnat-fripeur*.

9. Para coñecer o estado de publicación da obra, véxase o catálogo da editorial Droz (<https://www.droz.org>).

Unha historia moi parecida é a do *Wörterbuch der schweizerdeutschen Sprache* (*WbsdS*), ou *Schweizerisches Idiotikon*. Aínda que a idea dun dicionario suízo-alemán é máis antiga, os traballos para o *WbsdS* empezaron en 1862; en 1881 apareceu o primeiro fascículo. O *WbsdS* recolle o alemán de Suíza, tanto o escrito desde a Alta Idade Media como o dos dialectos modernos (tal como se recolleron principalmente na segunda metade do século XIX); sáese algo do territorio suízo na medida en que recolle tamén as penetracións alemánicas do norte de Italia (os Walser ou valeses que penetraron no XII e no XIV, e hoxe están esmorecentes). Aparece por fascículos encadernables; na actualidade está case completo o volume 16 (final de W); estará rematado para o 2020. Terá uns 130.000 rexistros ó remate. Igual que o *GPSR* ten un equipo de redactores e financiamento asegurado. Hai información na rede (<http://www.sagw.ch/dt/kommisionen/woerterbuch/index.html>).

É historia semellante, pero máis heroica aínda, a do dicionario romanche, o *Dicziunari Rumantsch Grischun* (*DRG*), tendo en conta que a poboación retorromanche é desde hai 150 anos só de 48.000 falantes. O dicionario foi ideado en 1904 pola Sociedade Retorromanche de Chur, liderada por Robert von Planta (1864-1937), coa intención de recoller todo o patrimonio lingüístico dos romanches. O material procede de 130 enquisas realizadas polo propio Planta (que elaborara un cuestionario de 10.000 palabras xa en 1898), Florian Melcher (?-1913), que foi o primeiro redactor, e Chasper Pult (1869-1939); e do baleirado de textos posteriores a 1560 (que é cando comeza a haber materiais escritos en romanche). Cada artigo é unha monografía da palabra (con formas, significado, frases, realidade material ou espiritual á que se refire, etimoloxía, etc.). En 1939 aparece o primeiro fascículo, que tivo como editor responsable a Andrea Schorta (1905-1990); a última entrega aparecida é o fascículo dobre 162/163 (*man-mancar*) correspondente ó volume 12. Non dan un prazo para o remate, pero pode ser tamén pola década dos 2020. Igual cós outros dicionarios helvéticos, desde 1996 é a Academia Suíza de Ciencias Humanas a que prové os fondos para que a obra do *DRG* se leve a cabo. Tamén neste caso existe información na rede (<http://www.drg.ch/index.html> e <http://www.drg.ch/downloads/100onnsDRG.pdf>).

E o último grande dicionario suízo é o que corresponde á zona italiana, o *Vocabolario dei dialetti della Svizzera italiana* (*VSI*), comezado a publicar en 1952. O *Vocabolario* presenta os diversos matices de pronuncia e de significado, exemplificación de proverbios, modos de dicir e *filastròcche*, unha mole de documentación sobre as crenzas, as prácticas supersticiosas, a farmacopea e a medicina popular, os usos e as tradicións de todo

o territorio da Suíza italiana. Unha voz é unha monografía da palabra e da cousa. Publícase por fascículos (dous por ano). En novembro de 2007 apareceu o fascículo 70, de *cóbia* a *ccolár*. A redacción hoxe diríxela Franco Lurà e traballan con el outras sete persoas. Existe información na rede (<http://www.ti.ch/decs/dc/cde/temi/vocabolario.asp>).

Menciono estes últimos catro glosarios, exemplares tanto polo seu valor científico como polo patriotismo con que foron acometidos e realizados.

2. TRAZOS DUN DICCIONARIO HISTÓRICO GALEGO

A historia da nosa lingua explica unha parte do atraso da nosa lexicografía, que foi contada varias veces por nós mesmos e por outros. Como é ben sabido, aínda que houbo un rexurdimento vizoso, a forza da elite concienciada non foi capaz de contrarrestar a falta de estima e mesmo a hostilidade pola lingua do país. Nun clima así era pouco imaxinable unha empresa lexicográfica de envergadura. A outra parte da historia dos dicionarios, como a da lingüística galega en xeral, explícase polo atraso da filoloxía no noso país; certamente, se o nivel cultural da Galicia de mediados do XIX, e aínda de mediados do XX, fose equiparable ó de Suíza (aínda no peor dos casos: que só se considerase o galego un dialecto sen vocación emancipadora) sería inconcibible que non aparecese algún von Planta ou algún Gauchat que, co apoio dos organismos oficiais competentes, intentase un *Dizionar* ou *Glossaire*. Isto non sucedeu. Pero aínda así, non se entenda que por atrasada lles damos pouco mérito ás pequenas empresas lexicográficas privadas que foron aparecendo; ó contrario, téñeno e moi grande, tanto polo valor das obras, como polo patriotismo dos autores. Pero non podemos estar cegos á realidade: a lingüística que se facía por Europa adiante a mediados do XIX só chegou a Galicia no último terzo do século XX; antes de 1963 contábanse cos dedos dunha man os galegos que sentiran falar de Saussure ou de Meillet, e con poucos máis dedos os que viran un Meyer-Lübke; o primeiro dicionario de Oxford que chegou á nosa Facultade debe ser dos anos setenta, nunha edición fotográfica. Así é que un intento de dicionario “histórico” (ou mellor pancrónico) como o da Academia pouco despois da súa fundación hai cen anos era unha empresa prematura. Non é mester que fagamos aquí unha análise desa obra abortada.

Pero hoxe quizais son chegados os tempos. En primeiro lugar porque a lingua mesma non está no estado de carencia en que estaba hai cento e pico de anos, cando Pintos ou Valladares facían os seus vocabularios. É probable

que nalgúns aspectos esteamos peor hoxe; de feito, moitas voces vencelladas á cultura tradicional seguramente desapareceron antes de que fosen sometidas a unha recolleita tan sistemática como a que se fixo para os dialectos suízos; quen faga traballo dialectal hoxe sabe da dificultade que supón atopar un informante bo; con todo, aínda se chegou a tempo, polos anos setenta e oitenta, para facer un atlas e bastantes monografías que salvaron o esencial do naufraxio. En cambio, por outro lado, as cousas melloraron moito porque a lingua, especialmente despois do movemento das Irmandades, quedou rexistrada en escritos de temática cada vez máis variada. Dito doutra maneira: Valladares, aínda que quixese, apenas podía documentar palabras en textos; de feito a maior parte das ilustracións literarias que inclúe no seu dicionario son cantigas populares ou refráns e mesmo poemas propios; aínda don Eladio Rodríguez (1958-1961), polos anos 20, cando facía o seu *Diccionario*, andaba escaso de fontes. Hoxe para o galego moderno hai moitas fontes porque hai centenaes de millóns de palabras fixadas en documentos escritos, de maneira que se perdemos algo por unha parte compensámolo con creces pola outra. É verdade que estas fontes están lexicograficamente algo descompensadas, porque hai campos nos que o galego ten pouco cultivo, pero aínda así hai moito material léxico que baleirar ou xa baleirado. Para o galego antigo tamén as cousas están nun bo momento, pois canto texto literario está descuberto conta con edicións boas; o mesmo sucede con moita documentación notarial, que aínda sendo algo monótona como material lexicográfico, é moi abondosa e está sendo transcrita e nalgúns casos provista de glosarios. E ademais hai moita xente no país que leu a Saussure e aínda a Coseriu. Por esta razón dicimos que o momento de comezar un dicionario histórico é propicio. E quizais son chegados os tempos tamén porque o galego adquiriu un grao de institucionalización considerable: é a lingua principal da administración autonómica e local; acabou tendo (mesmo para moitos que non o practican) un valor simbólico. Por ser lingua oficial require instrumentos que faciliten o seu acceso ós usuarios; e por ser simbólica necesita instrumentos que a canonicen, e entre eles están as gramáticas e os dicionarios, e entre estes un histórico. Unha lingua con estes instrumentos fai que os propios falantes se sintan orgullosos e que os de fóra nos respecten. De aí que a fabricación dun dicionario destas características sexa considerado en todos os sitios onde se acometeu un monumento á memoria cultural do pobo; por iso se implica nel o pobo mesmo (ou polo menos as súas elites máis sensibles) e as autoridades. As obras deste tipo, alí onde se acometeron, xustificanse polas deficiencias das anteriores¹⁰. Pero as

10. *On some Deficiencies in our English Dictionaries* foi o manifesto que leu Richard Trench ante a PhilSoc o 5 de novembro de 1857 e disparou a obra do OED.

deficiencias hai que miralas con perspectiva histórica, pois cada dicionario non é máis que o elo dunha cadea onde cada dicionario é unha peza necesaria para o que vén despois; o mesmo Murray matizou máis tarde as palabras de Trench recoñecendo que, sen unha cadea de dicionarios que empeza no XVII e vai desde Caudrey, Johnson, Bailey, Cocker, Webster e moitos outros, o *OED* sería inexplicable. E o mesmo acontecerá co galego se algún día se fai. Naturalmente, supoñendo que este dicionario se fixese, non suporía a desaparición dos outros dicionarios, porque cada destinatario necesita un tipo diferente de dicionario. O histórico é, dixemos, para especialistas e para xente cun nivel de curiosidade lingüística moi especial; e por outra parte, podería ser a base doutros dicionarios. Na lingua inglesa o *OED* non anulou outras actividades lexicográficas, senón ó contrario.

Vexamos logo que entraría nese dicionario e como se mostraría a información. O que digamos non vai ter moita orixinalidade porque non se trata máis que de aplicar ó noso o que xa foi feito para outras linguas, conforme foi explicado nas introducións dos dicionarios, en informes previos presentados ás institucións que os promovían, ou en guías posteriores. Para moverse ben polo *OED* e entender ben o que ten dentro é moi útil ler a guía que escribiu Donna Lee Berg (1993) e mesmo o libro citado de Winchester (2003). En castelán hai informes de Julio Casares desde os anos 40, recollidos logo en libro (Casares 1950), que son de lectura moi proveitosa. Máis recentemente, José Antonio Pascual é coautor dun texto que en certa maneira adianta aspectos do que vai ser o *NDHLE* da RAE (Pascual / García 2007). Hai con todo que advertir que, como se trata dunha materia moi específica, a lexicografía histórica non adoita ser tratada nos manuais de lexicografía a non ser de maneira tanxencial. Daquela, o que digamos a seguir non é un *blueprint* ou manual do redactor do *DHG*, senón unha aproximación ó que esperamos que un lector poida atopar nel.

1. No noso caso, o primeiro que hai que dilucidar é cal é a profundidade (*historical coverage*) do corpus, ou sexa, ata onde recuamos na documentación, pois hai dúas posibilidades. Ou ben comezar a nosa historia en 1612, que é a data do primeiro texto galego coñecido despois da desaparición do galego como lingua da administración (os últimos documentos notariais son de 1530 ou por aí), ou ben remontarnos ás primeiras orixes. Ambas as opcións son defendibles; a primeira viría a coincidir coa postura adoptada polos dicionarios das linguas nórdicas, que comezan a súa documentación no século XVI, porque máis atrás desa época hai moi pouca documentación; no noso caso tería xustificación comezar no XVII, porque é cando o galego tomou a opción de seguir un camiño solitario

despois dunha etapa común co portugués, despois varios séculos durante os cales a documentación escrita é moi escasa. En certa maneira esta solución resolvería moitas dificultades, entre elas a do volume e a do tempo, e por outra parte deixaría a etapa medieval para unha empresa diferente, que se podería facer a través dunha cooperación transfronteiriza, pois interesa tamén ó país veciño (ou a Galicia e a todos os países onde se fale portugués). Mesmo pensando na estratexia da fabricación do dicionario, podería facilitar as cousas afondar só ata o XVII dado que, ó termos unha lagoa de varios séculos sen documentación, a necesidade de aterse ó rigor de trazar historicamente a xenealoxía das diferentes acepcións de cada palabra patrimonial obviaría non poucos apuros insuperables; ter rota a cadea temporal obrigará a organizar as acepcións de maneira menos canónica (se cadra ó estilo do *DCVB*); pero isto de momento é unha conxectura que non se poderá comprobar ata que se fagan ensaios con palabras reais. De optarmos por facelo só do galego moderno, este dicionario sería equiparable (proporcións gardadas) ó *TLF*, que o é do francés dos dous últimos séculos; os séculos anteriores completaríanse con outros dicionarios (xa Sarmiento o quería facer así).

Pero aínda tendo en conta as vantaxes que suporía non ir máis aló do XVII, cremos que se debe tomar a historia do galego na súa integridade porque a decadencia (como en Inglaterra a etapa normanda) non representou a aparición dunha lingua nova senón unha lagoa que desembocou na rehabilitación literaria dunha lingua que, a nivel popular, mantivera sempre unha continuidade que só foi perturbada polas interferencias do bilingüismo e da diglosia. Lingüisticamente é, pois, máis defendible a postura da continuidade, porque nos dicionarios históricos está gardada non só a lingua senón en certa maneira tamén a historia cultural dun país, e no noso hai unha continuidade lingüística e cultural por riba de calquera decadencia. Así é que o noso dicionario histórico debería documentar o seu vocabulario desde as mesmas orixes do idioma e ás veces mesmo máis alá, pois nos textos latinos tardíos hai xa moitas voces romanceadas ou mesmo sen romancear que son a primeira documentación dunha serie que pode chegar ata hoxe; outros dicionarios históricos, como o *OED* ou o *TLIO*, recuperan constantemente voces anglosaxonas ou “italianas” dos documentos latinos.

2. Tendo optado pola solución larga, vaíamos ó contido. Un dicionario destas características ten que basearse principalmente no uso, ou sexa, debe rexistrar só palabras que algunha vez tiveron uso real nun texto escrito; a escritura era ata hai pouco a única maneira de darlle soporte per-

manente á palabra e, aínda que hoxe hai outros medios de soporte, o escrito segue a ser insubstituíble porque é o único controlable. Dito doutra maneira máis sinxela: cada palabra ten que estar rexistrada nun discurso e ir ilustrada cun fragmento del e non con exemplos fabricados. Iso quere dicir que hai que facer un baleirado dun número representativo de textos. É sabido que nunca pode haber unha colleita exhaustiva, pois, por moi representativa que sexa a mostra, sempre vai faltar algunha palabra ou algunha acepción (se cadra algunha de certa frecuencia) que está fóra das fontes manexadas; e por outra parte o vocabulario está cambiando case cada día, cousa que se nota máis polas palabras que aparecen que non polas que pasan a obsoletas (porque alguén pode resucitalas nun momento dado). Pero, aínda así, é conveniente cerrar nun momento o corpus e gardar para futuras empresas os apéndices coas descubertas e novidades. Hoxe hai ese baleirado representativo tanto para o galego medieval, que conta cun corpus de case todo o editado, como para o moderno, que ten un corpus con testemuños ata o ano 2007, como xa se expuxo noutros capítulos deste volume.

Ademais das voces rexistradas en textos, os dicionarios históricos usan os dicionarios anteriores como corpus; nos dicionarios hai voces que nalgún (ou en moitos casos) non foron nunca usadas en texto ningún dos baleirados; carecen daquela de exemplos a non ser que o dicionarista que as rexistra inclúa unha ilustración. Tendo en conta que entre nós abundan dicionarios, vocabularios e nomenclaturas que se basean en enquisas dun determinado territorio, a posibilidade de que un localismo recollido, por exemplo, por Aníbal Otero ou por Elixio Rivas nunca fose usado en textos é bastante grande; polo tanto vai haber unha cantidade non desprezable de voces que só se teñan rexistrado en dicionarios.

Sobre a información dos dicionarios galegos hai que lembrar que cada un deles é un elo dunha cadea onde a información vai pasando unhas veces de maneira literal e outras filtrada. A información de carácter semántico en xeral é transmitida con bastante fidelidade (aínda que non faltan exemplos de terxiversacións graves); en cambio, outras informacións, como por exemplo a do lugar ou lugares en que se rexistra unha verba, adoitan desaparecer; paras as voces que se incorporaron nos dicionarios procedentes dos vocabularios de Sarmiento, Aníbal Otero ou Elixio Rivas prescindíuse sistematicamente de indicar a súa procedencia xeográfica, ademais doutras informacións. E é unha información non desdeñable mesmo para un dicionario de carácter xeral, dado que ese dato pode darnos unha idea da posible difusión da palabra; de feito, mesmo os dicionarios de uso ou prescritivos dunha lingua como o español nos informan

constantemente de que unha palabra é propia só de Colombia ou de Álava ou de Extremadura; os galegos, mesmo os normativos recentes, non debían ocultar ese dato. En calquera caso, a distribución xeográfica dunha palabra é unha información da que non se pode prescindir nun dicionario histórico, sempre que se saiba; entre outras razóns, porque os dicionarios históricos son a base dos dicionarios etimolóxicos e a noticia sobre a vitalidade e dispersión dunha palabra é imprescindible; así é que no *DHG* haberá que recuperar esta información dos dicionarios cando a dean.

E aínda unha nota marxinal máis: determinado tipo de voces (e mesmo procedementos lexicais) son comúns a moitas linguas. No *OED* non é raro ver como se cita moitas veces como fonte un dicionario dunha lingua estranxeira, que foi seguramente a primeira en poñer en circulación un neoloxismo. Obviamente, nun dicionario histórico coma o noso, recorrer a estes dicionarios para estas voces culturais vai ser non só conveniente, senón obrigatorio, pois o dato sobre a lingua en que se cuñou unha palabra e a lingua intermediaria entre aquela e a nosa non é superfluo. Os dicionarios enciclopédicos doutras linguas –que na nosa non os hai– terán que estar constantemente abertos na mesa do lexicógrafo; porque hai moitas cousas que se din en galego e non son só da cultura galega.

Non se esgotan niso seguramente as fontes do léxico galego, aínda que as mencionadas (textos galegos e dicionarios galegos) sexan as principais. Nos séculos chamados *escuros* producíronse moitos escritos en castelán, moitos deles inéditos, que están empedrados de palabras galegas ou ben porque o produtor do texto ten un coñecemento deficiente do castelán e intercala a palabra galega que lle é familiar ou ben porque a palabra se refire a un fenómeno da cultura galega que non ten tradución ó castelán e se cita por iso na lingua orixinaria. Calquera que repase documentos (escrituras, regulamentos de gremios como os dos mareantes, que rexistra moitos termos de pesca, etc.) dos séculos XVI-XIX encontrará a cada paso palabras en galego. Case toda esta documentación está aínda sen explorar, entre outras razóns porque esixe un baleirado manual, dos orixinais mesmo, porque hai poucos transcritos. Cómpre que quede constancia da lagoa.

Quédanos aínda unha pequena consideración referida á macroestrutura do dicionario. Está claro que sendo un dicionario da lingua galega o fondo esencial do seu contido (nomenclatura, lemario...) deben de ser as palabras galegas. Pero entre o que é galego e o que non é galego a raia non está clara ás veces, e especialmente se se opera co criterio do uso e non con criterios puristas. Todos os dicionarios teñen un problema cos estranxeirismos, pois entre os naturalizados e os ocasionais hai un continuo no que é difícil poñer límites. Entre nós as cousas complícanse por-

que o bilingüismo facilita os intercambios (que poden ser conscientes ou inconscientes) e provoca as reaccións puristas consabidas, ás veces dexe-neradas en hiperenxebrismo. En cada caso haberá que tomar unha determinación. O máis grave é que moitas veces seremos incapaces de saber (e isto xa se refire máis á etimoloxía que ó feito mesmo de excluír, incluír ou etiquetar a palabra) se esa palabra é préstamo, calco ou autóctona. Os catro séculos de silencio prívannos de poder aplicar o criterio cronolóxico para poder dilucidalo cando non vale o formal. Tamén vai ser dificultoso tomar a determinación de se se lles dá cabida no dicionario histórico ás palabras que pertencen ós verbos ou latíns (dos canteiros, etc.). En principio, un argot é unha lingua diferente, aínda que a súa morfoloxía e sintaxe sexan galegas; daquela, as palabras argóticas deberían de estar excluídas dos dicionarios históricos. Iso non quita que palabras da xiria non se poidan incorporar á lingua común. Antes de eu ter ningunha familiaridade co latín dos canteiros recollín de informantes meus da Fonsagrada *baiorte* ‘viño’, que puxen na miña memoria de licenciatura coma se fose unha palabra de Suarna; só despois aprendín de onde viña, o cal non me impediría seguramente tela rexistrado igual. Hai que ter en conta que algunhas destas palabras están bastante xeneralizadas, como é *guiche*, *guicho* ou a variante con gheada *ghiche*, *ghicho*, *ghicha*, *ghichiño*..., que está recollida unhas ducias de veces no *TILG*. E ás veces danse casos en que será imposible saber se unha palabra pasou do galego ó argot ou viceversa, como é o caso de *baloca* ‘castaña’ e ‘pataca’. Como nos casos dos estranxeirismos, está pouco claro ás veces se unha voz argótica está “naturalizada” ou ten un uso ocasional. En calquera caso, o que parece claro é que non se poden incorporar en bruto os dicionarios do verbo ó dicionario histórico, pero tampouco se poden excluír de cheo; todos estamos fartos de ler en castelán palabras como *gachí*, *parné*, *piltra*, entre moitas outras, que o dicionario (aínda o de lingua, canto máis o histórico) ten que rexistrar. En caso de dúbida a filosofía debe ser varrer para dentro.

E aínda imos ter outro problema engadido, este máis grave cós anteriores, a saber, qué voces (tecnicismos) das falas especializadas admitir e cales non. O *OED*, que na actualidade ten 615.000 entradas, non dá cabida a todos cantos tecnicismos circulan pola lingua inglesa, que se contan seguramente por millóns. No noso caso hai tamén decenas de miles, como se pode ver no observatorio neolóxico de Vigo (que non ten representación de toda canta ciencia e técnica hai); haberá que estar atento a ese observatorio e establecer algún criterio para decidir que neoloxismos pasan e cales quedan. Na miña opinión estes termos teñen un interese secundario para o noso dicionario histórico, porque son en xeral interna-

cionalismos que coinciden (sen adaptación ou con pouca adaptación) en todas as linguas. Moitos deles son de escasa duración ou de vida efémera. Por unha razón puramente económica (a de permitir que o dicionario teña un remate) hai que filtralos con parsimonia (tanto no sentido galego de 'coidado' como no inglés de 'aforro'), pero non excluílos de a feito entre outras razóns porque moitos deles teñen circulación moito máis alá da lingua especializada.

Tendo en conta todo anterior podemos concluír que o contido (os lemas) dun dicionario histórico son máis ou menos os dun dicionario de lingua, pero máis abundantes porque non se poñen restricións cronolóxicas, nin xeográficas, nin normativas; e por outra parte ése máis xeneroso con palabras xergais e tecnicismos. Os tipos de entrada ou lema (*main entry*) serían, daquela, as voces "normais" (patrimoniais, cultas, "algúns" estranxeirismos, "algúns" xergalismos, etc.) do vocabulario galego rexistradas conforme á súa forma canónica moderna (o antigo e moderno *afiuzar* prevalecerá sobre a variante antiga *afeuzar* e sobre a variante moderna *afiunzar*); no caso de palabras arcaicas hoxe fóra da circulación prevalecerá como *vedette* a forma máis típica (*arrafeçar, refeçar, arrefeçar* terán como entrada *arrafeçar* tendo en conta que deriva de *rafez* <ár. *rafiz*). Supoño que ha de haber moitos casos discutibles, pero o principio xeral debe ser este. Naturalmente esas formas secundarias teñen entrada, pero só a efectos de referencias cruzadas (para reenviar á entrada principal); encabezan, como se dixésemos, un artigo que non existe (polo menos nese lugar).

Ademais das palabras "normais" teñen entrada nos dicionarios (véxase Berg / 1993: 53 e ss.):

(a) As letras do alfabeto, que deben encabezar un artigo non (ou non só) polo valor do grafema, senón principalmente por outros valores que poidan ter, por exemplo, referidos á súa figura (*unha curva en forma de S*, ou *facendo eses*), posibilidade que ten de formar parte dunha seriación (a, b, c), valores como símbolo (K), abreviacións (por pudor pode escribirse *c.* ou *m.* en vez da palabra enteira), etc. Todas as letras deben ter entrada, mesmo algunhas que non se usan no alfabeto galego (como *omega*, que entra polo nome e non polo grafema, aínda que parte do contido do artigo teña que referirse a este último).

(b) Os acrónimos e as abreviacións. Os acrónimos corresponden a palabras que se forman coa letra (ás veces sílaba) inicial de cada elemento que compón o acrónimo (RAG, ORGA, ONU, SIDA...). Ás veces poden corresponder a palabras doutro idioma, como VIP, que por certo en inglés non se

le *vip* senón *vi-ai-pi*. Non hai que confundir acrónimos con “inicialismos”, do tipo OLP. A fronteira entre o acrónimo e o inicialismo non está clara moitas veces, e nós coñecemos mesmo mestura dos dous procedementos en casos como UPG ou ILG. Os acrónimos en xeral dan lugar a entradas; os inicialismos non: desenvólvense no artigo da letra correspondente. Pero a fronteira é ás veces tan borrosa que vai haber casos discutibles e polo tanto incongruencias. Por abreviacións referímonos ás palabras recortadas, tipo *metro* (que hoxe está tan lexicalizado que xa case ninguén se acorda da súa etimoloxía: (*tren*) *metro(politano)*); outras veces, como no caso de *bici*, a etimoloxía é máis transparente aínda e neste caso a entrada terá o carácter só de referencia cruzada (a definición só incluírá os exemplos).

(c) Afixos e outras formas combinables (afíns ós afixos). Os dicionarios de lingua xa incorporan estes elementos como entradas; unhas veces son morfemas con escaso contido léxico, como *ex-*, *anti-*, *auto-*, *-doiro*, *-izar*, pero outras veces son elementos radicais, a maior parte das veces de gregismos, que se antepoñen ou pospoñen a outras raíces, igualmente gregas as máis das veces (pero que case nunca apareceron combinadas no grego clásico): referímonos a casos como *cripto-*, *neo-*, *austro-*, *-cardia*, *-dinámico*, *-lecto*... É conveniente que entren estes elementos nun dicionario histórico para ver a súa historia, pero non está claro ata qué punto a inclusión destas entradas libera de incluír tamén as palabras compostas nas que entra un deses elementos. Posiblemente moitos dos derivados formados con *ex-* non necesiten ter entrada, como moitos dos formados con *auto-*, e aquí o dicionarista poderase esprañar (cfr. o que fai o *OED* para *pre-*, con “mapa” e todo, ou para *auto-* sen “mapa”); en cambio todos os formados con *-ectomía* ou *quiro-* teñen que ter entrada no lugar que lles corresponda e entón o artigo poderá abreviarse. O galego non ten como o inglés a posibilidade de usar palabras patrimoniais como prefixos (tipo *self*: *self-adhesive*) ou sufixos (tipo *man*: *spiderman*), a non ser que consideremos latinismos como *-forme* (*vermiforme*) e outros como xa patrimoniais.

(d) Nomes propios e marcas rexistradas. Os nomes propios non entran nos dicionarios de lingua nin nos históricos. Hai, con todo, casos onde o nome propio de persoa ten os trazos dun apelativo: *paio*, *xan*, *párkinson* (que en realidade é unha elipse de enfermidade de *Parkinson*), e neste caso forman parte da macroestrutura do dicionario. O mesmo ocorre con algúns nomes xeográficos (*ribeiro*). Algúns deles están tan asimilados que xa se escriben con minúscula. Outras veces o nome propio figura como determinante ou atributivo doutro nome (*baño (de) María*, *cruz de Caravaca*); neste casos se o nome propio figura como entrada é só a efectos de referencia cruzada pois a locución irá explicada na palabra rexente.

Hai casos, con todo, pouco claros. Relacionados cos nomes propios están os substantivos e adxectivos, e mesmo verbos e adverbios, derivados de nomes propios (*gongorismo, gongorino, gongorizar; coruñesismo, coruñesista*). Todos os dicionarios teñen un problema con estas entradas porque se trata dun sistema aberto que non se sabe moi ben onde cortar; no *TILG* aparecen esporadicamente verbos como *despontevedrizar*, que con certeza vai ser excluído do dicionario histórico. Murray era moi restrictivo, ata o punto de que excluíu con algo de esaxero o adxectivo e substantivo *African* por ser de etimoloxía e valor obvios para calquera, a pesar de que hai datos del en inglés desde o ano 888. A importancia e a frecuencia destas voces é o criterio determinante. E relacionados cos nomes propios están os nomes comerciais, ás veces marcas rexistradas, de determinados produtos (do tipo *Aspirina, Coca, Martini, Kleenex, tiritas, maicena* (<*maizena*) ou *Ciprianillo*). Lembremos que *bolígrafo, plexiglás, celo* e *tergal*, igual que as palabras anteriores, son marcas comerciais, algunhas rexistradas, e só os moi entendidos o saben ou sospeitan, a pesar de que algunhas teñen mesmo sitio na Internet (como www.tiritas.com, da casa Hartmann). A inclusión destas palabras dependerá do uso xenérico que se faga delas, cousa que non sempre é ben discernible.

(e) As palabras compostas teñen entrada nos dicionarios a través da súa forma gráfica soldada (*abrecartas*), aínda que a súa definición se aproxime moito á súa análise etimolóxica ('utensilio que serve para abrir cartas'). Pero hai casos en que entre a palabra composta e o sintagma libre hai límites borrosos porque aínda a morfoloxía non está fixada definitivamente: *sapoconchos* ou *sapos conchos* son posibles; *mal* non temos dúbida de que hai que escribilo xunto en *maldicir, maldición, malbaratar, malbarate*, pero xa non estamos tan seguros se debemos facer o mesmo en *malcriado, malnacido* ou *maleducado* porque *mal-* aínda esta moi ligado ó seu valor adverbial primitivo (de feito non se pode dicir **maleducación*). Vexo difícil neste caso cómo se poden establecer criterios para decidir entre dar entrada á combinación ou ben remitir a súa inclusión a un dos elementos da combinación; hai que repasar neste caso a definición de palabra, tema do que xa se sabe que hai tratados enteiros. O editor terá que decidir co seu gusto sobre o grao de solidariedade; en calquera caso, estas combinacións teñen que ter un sitio no dicionario (ou ben como entrada ou ben como elementos polirremáticos dentro dunha entrada). E outra decisión similar haberá que adoptar con referencia ós derivados que son resultado dunha adición gramatical case mecánica; incluír como entradas todos os adverbios en *-mente* non ten sentido ningún, a non ser que queiramos por razóns comerciais de presumir de ter moitos lemas.

O mesmo podemos dicir dos adxectivos en *-ble*, dos participios que se poden usar adxectivamente, etc. Naturalmente algúns destes derivados teñen que figurar, pero só aqueles que teñan algún matiz semántico engadido que non figuraba na base ou ben que teñan unha frecuencia moi elevada na lingua. Noutros casos inclúense baixo a palabra principal correspondente. Isto no noso caso (ó contrario do inglés) é moi frecuente, porque temos moitos diminutivos, aumentativos, etc.

(f) Palabras dubidosas ou claramente espurias. Nos textos, nunha parte moi considerable de casos as palabras falan por si soas, ou porque son moi coñecidas ou ben porque os contextos permiten verificar cal é o sentido exacto ou aproximado de cada palabra. Pero moitas veces as palabras poden estar referidas a cousas que xa descoñecemos porque pertencen a un mundo desaparecido e vai ser moi difícil de dilucidar o seu significado; outras veces poden deberse a erros dos autores ou mesmo a caprichos ós que a nosa literatura é (ou foi) bastante propicia; isto non é, aliás, un fenómeno só noso; entre a correspondencia de Murray hai moitas cartas dirixidas a autores vivos para preguntarlles qué querían dicir con tal palabra, cousa que ás veces nin os mesmos autores lograban esclarecer (cfr. Muggleston 2000a: 17 e ss.). Debe ser un fenómeno universal; a nós mesmos tennos ocorrido máis dunha vez, aínda con escritores tan amigos da verdade filolóxica como Ferrín, que inclúe por exemplo a palabra *sés* nun contexto de *Arraianos*: “a donicela éche coma un rato; tenche sete *sés* de dentes afiados coma navalliñas” (p. 64). Este tipo de caprichos ou fantasías verbais (ou simplemente erros) teñen tamén entrada nos dicionarios históricos e sobre elas o lexicógrafo dirá o que saiba ou ben declarará que non sabe nada; en calquera caso, se fai unha conxectura que quede claro que o que propón é inseguro e provisional. Tamén entre os nosos dicionarios houbo unha tendencia a fabricar palabras (se o castelán *cara* é en galego *face*, daquela *descarado* é **desfazado*, segundo Cuveiro (1876) e seguintes); como tamén houbo a tendencia a copiar palabras que proceden de lecturas erróneas doutras fontes escritas (a voz *airoa* ‘anguía pequena’ de Sarmiento foi mal lida por Rodríguez (1863), *aixóa*, e con esta forma foi transmitida despois a varios dicionarios); ou ben a facer pasar por galegas palabras que procedían doutras linguas (o grego *ergaleion* ‘instrumento ou ferramenta dun artífice’ nun texto de Sarmiento interprétase como galego e lese mal (*ergaleirón*) por De la Iglesia e así pasa a Rodríguez (1863) e a varios dicionarios posteriores. Ás veces algunhas destas palabras poden remanecer en escritos dalgún autor que acode ós dicionarios para enxebrizar o seu galego, de maneira que as fantasmas léxicas dos dicionarios poden retroalimentar a lingua literaria e lexitimar estas voces. Pero o nor-

mal é que estas palabras carezan completamente de uso. Pois ben, mesmo estas voces dos dicionarios deberán de aparecer no *DHG* debidamente comentadas cando se saiban comentar. No *OED* estas formas espurias rexistranse como “erros” e explícanse cando se sabe; e se non preséntase como “explicada nos dicionarios como...”, e dáse a cita. No *OED* as entradas espurias van entre corchetes (o artigo enteiro).

Non menciono agora outros pormenores da posible macroestrutura, entre eles o de se o dicionario ten que ser alfabético ou conceptual. A posibilidade (máis ben necesidade) de publicalo en formato electrónico permite que o traballo non sexa necesario acometelo por letras; o traballo pode render máis tratando acios de palabras que teñen unha afinidade semántica (voces que designan plantas, peixes, medo...) ou formal (un primitivo coa súa restra de derivados).

3. Pasamos agora a ver como sería a estrutura (microestrutura) dun verbete típico. Hai que ter en conta que as entradas son heteroxéneas e só en entradas moi complexas van ocorrer todos os trazos acumulados. Sérvenos de guía o *OED*.

Nos dicionarios históricos, coma nos dicionarios de lingua, hai dúas seccións; unha, a que comprende o verbete da entrada e toda a información que non é semántica: categoría gramatical, grafías, fonética, etimoloxía, frecuencia (que non aparece no *OED* pero si no *TLF*); a outra sección é a que se refire ó contido semántico do verbete, con todo o que leva aparelado: acepcións, exemplos, etiquetas de rexistro, combinacións, etc.

No *OED*, para entradas que tiveron unha morfoloxía moi complicada (verbos como *go*), entre as dúas seccións, realmente na sección de contidos pero ó principio de todo, numerado sempre como letra A (*inflexional forms*), fronte a B (*signification*), clasifícanse todas as variantes morfolóxicas, por exemplo, no verbo por tempos e persoas (o noso verbo correspondente a *go* –*ir*–, e sen dúbida outros, necesitarán esa sección)¹¹.

Esa distribución dalgúns dicionarios (primeiro as formas e etimoloxía e despois o contido) non ten por que ser necesariamente así nesa orde; noutros dicionarios, como o *DCVB* ou o *TLF*, a información sobre as variantes, pronunciación, morfoloxía, frecuencias e etimoloxía dáse ó final da entrada; cremos que a estratexia do *OED* é a máis acertada porque dis-

11. Non todos os dicionarios inclúen este apartado de *inflexional forms*, como ocorre no *TLF*, que promete un volume separado para as variantes flexionais; pero a maioría dos outros inclúen paradigmas históricos e dialectais.

tingue ben as informacións relativas á forma (ó principio) das relativas ó contido (despois). Vaian onde queiran esas informacións, o único que non cambia de lugar é o lema (encabezado, cabeceira, rúbrica, verbete, *mot vedette*, *headword*) que encabeza o artigo lexicográfico, e a definición. Onde vai ir cada información haberá que decidilo cando se faga o *blueprint* definitivo.

Na sección do lema (ou se se quere no que non é sección do significado) aparecen obrigatoriamente a cabeceira (*headword*), a categoría gramatical e a etimoloxía; de ser necesario infórmase sobre o grao de integración da palabra (arcaísmo, estranxeirismo...), moitas veces simplemente mediante un signo non alfabético, o número de homónimo, etiqueta de campo, e variantes formais.

Non é necesario que nos deteñamos pormenorizadamente en cada un destes aspectos porque todos os dicionarios de lingua conteñen todas esas informacións e indicacións de navegación de maneira máis ou menos explícita. Pero hai algún que merece comentario porque non é habitual nos dicionarios de lingua:

(a) En primeiro lugar a fonética. En linguas cunha ortografía moi arbitraria, como é a do inglés ou a do francés, a pronunciación do lema (na súa forma non marcada) figura na maioría, ou nunha boa parte das entradas. Para dar un testemuño de como é a pronunciación do francés moderno Imbs e o seu equipo (*TLF*), á parte de acudir a libros como o de Quemada ou Martinet, fixeron enquisas cunha poboación de testemuñas (estudantes de enxeñeiros de París, procedentes de toda Francia, que serían o “corpo social representativo do noso tempo”). A grafía do galego fai previsible na maioría dos casos cal é a pronunciación. Por iso, fóra dos casos onde entren as vogais medias, o seseo, a gheada, o rotacismo e poucos outros fenómenos (coma o de *inhibir*), non será necesario facer constar cal é a pronuncia. Tendo en conta que non se vai tratar dun dicionario normativo (ó contrario do *TLF* ou mesmo do *OED*), no caso de que teñamos que dar a pronunciación, haberá que localizar a extensión de cada variante. Supoñendo que haxa consenso, poderá proporse unha das variantes como aspirante a normativa.

(b) As variantes (orto)gráficas tamén se deben de facer constar en caso de que as haxa, e non só as que se refiren ás diferentes formas de escribir palabras que teñen algún fonema con grafía arbitraria (como *herba*, *erba*, *herva*, *erva*, que se pronuncia igual calquera que sexa a grafía), senón aquelas variantes en que a pronuncia motiva grafías diferentes, como vai ocorrer na entrada *toupa*, que será a que se escolla como ca-

nónica para *Talpa europaea*, onde deberán figurar como variantes *toupo*, *teipa*, *teipe*, *teupa*, *tiopa*, *tiopo*, *topia* (pero non *toupeira*, aínda que é sinónimo nalgúns sitios, porque xa é máis que unha variante fonética); naturalmente todas elas terán entrada pero só a efecto de referencia cruzada contra *toupa*. Supoño que vai haber problemas máis dunha vez se é que a etimoloxía que vai seguir estas formas non o resolve; imaxinemos esta serie de nomes para a *Digitalis purpurea* (entre outros):

belitroque, bilicloques, bilicroque, bilitroque, milicrocas, milicroques, palitroques, cloques, croque, cróquel, croquetas, cuco, farricoque, trócoles, tróqueles, troques, estalote, estraladeira, estralante, estraloque, estroleque, estroqueiro.

Con esta restrita imos ter dous problemas, que en realidade son un só: cál das formas dar como canónica, que é posterior a resolver se todos son variantes da mesma familia etimolóxica; e en segundo lugar, qué formas dar como variantes e cales como sinónimas. Nos dicionarios históricos, e no noso tamén, onde se van mesturar formas antigas e modernas, as variantes gráficas e fonéticas van ser numerosas. Imaxínese a cantidade delas que entrarán baixo o verbete *escribir* se a raíz no galego medieval pode ser *(e)scre-* ou *(e)scri-*; que o /β/ do medio se pode escribir como <v>, <u>, <pu> e ; que a desinencia pode ser *-er*, ou *-ir*; e calquera dos /i/ se pode grafar <i>, <j> ou <y> (poderían ser mais de 100 variantes). Tendo en conta que estamos a falar dunha lingua de oito ou máis séculos é obvio que hai variantes gráficas propias dunha época, e así o haberá que facer constar; o mesmo acontece coa pronunciación que corresponda a estas grafías, que se rexistrará ou reconstruírá na medida do posible.

(c) Tocante á etimoloxía. Esta é unha información que se dá moi resumidamente, mesmo nos dicionarios de lingua (*DRAE*, Robert, Larousse, Webster, Houaiss...), e daquela non pode faltar nun dicionario histórico en tanto que a etimoloxía pertence á historia da palabra, polo menos na medida en que explica o seu nacemento. O destinatario dun dicionario histórico é un profesional da lingüística ou unha persoa con curiosidades filolóxicas máis apuradas cás dun usuario que só quere comprobar un significado ou coñecer unha grafía correcta. Daquela, a nota etimolóxica dun dicionario histórico, sen chegar a ser un artigo de dicionario etimolóxico, ten que ser máis informativa cá dun simple dicionario de lingua. Nun dicionario destas características vai haber moitos tipos de etimoloxía. Por exemplo a dos internacionalismos formados con material grego e latino non necesitan máis indicación có étimo e o seu significado na lingua orixinal e, de ser o caso, a lingua intermediaria, se se sabe;

o mesmo sucede cos estranxeirismos modernos, adoptados (tal cal) ou adaptados (ó sistema fonético e morfolóxico), tamén con indicación da lingua intermediaria; isto cabe nunha liña dunha columna. Tampouco as palabras patrimoniais derivadas ou compostas necesitan na maioría dos casos máis etimoloxía cá referencia cruzada ó primitivo ou a cada un dos elementos do composto. En cambio, as palabras patrimoniais primitivas deberán ser obxecto dun exame máis pormenorizado porque son o testemuño máis fiel do noso pasado cultural. Moitas destas palabras teñen cognados noutras linguas e xa foron tratadas en dicionarios etimolóxicos hispánicos e románicos; entre elas unha boa parte teñen etimoloxías que se poden admitir definitivamente como correctas porque cumpren todos os requisitos da fonética e da semántica. Outras son aínda obxecto de debate e non hai ningunha hipótese concluínte; neste caso haberá que mostrar as diferentes hipóteses, avalialas como mellor se poida e concluír que algunha delas é verosímil ou que ningunha o é e se deixa polo momento como de etimoloxía descoñecida. Outras serán palabras galegas para as que nunca se propuxo ningunha hipótese e entre elas haberaas tamén de dificultade moi variable, cunha porcentaxe considerable de orixe escura ou descoñecida. Sexa como sexa, os testemuños que vai dar un dicionario deste estilo van obrigar con certeza a revisar hipóteses doutros dicionarios hispánicos, porque os novos datos ofrecidos agora por primeira vez polo galego van validar ou invalidar etimoloxías máis ou menos aceptadas. A forma *uesugo*, documentada en textos latinos de Galicia en 1133 (en castelán ca. 1400), fai imposible a etimoloxía de Corominas (do occitano *besuc* 'birollo' < BIS-OCULU). Por outra parte, hai que ter en conta que o tramo de lingua que tratamos é de máis de oito séculos (en bastantes casos moitas palabras galegas xa están romanceadas en textos latinos de hai 1000 ou máis anos). Iso quere dicir que moitas veces a etimoloxía dunha palabra terá que facer referencia a transformacións (ramificacións de sentidos novos, perda doutros) operadas dentro da propia historia do galego. Desde a etimoloxía haberá que facer referencia a estas transformacións das que se dá conta na sección da definición. As reviravoltas da etimoloxía románica son ás veces insospeitadas, dado que a lingua nai conviviou coas linguas vulgares en contacto diglósico, de maneira que a derivación lineal esperada pode estar perturbada por préstamos semánticos de variado tipo. Imaxinemos voces como *orde*, *arco*, *arte* (vulgares pola fonética), ateigadas de acepcións cultas e de calcos doutras linguas. Nunha lingua como a nosa, que estivo case desde sempre en contacto desvantaxoso co castelán, os préstamos (conscientes ou non) e as reaccións de enxebrismo e mesmo hiperenxebrismo alteraron tamén a vida das palabras. De todo

isto ten que dar conta a etimoloxía. Na sección de etimoloxía darase a bibliografía pertinente para cada palabra tratada, de habela. O *OED* con frecuencia engade á nota etimolóxica unha miscelánea de feitos enciclopédicos relacionados coa historia da palabra na cultura europea. Cfr. por ex. na palabra *orange* unha nota deste tipo; ou na palabra *church* (< ing. antigo *cīrice* < gr. (δῶμα) κυριακά ‘casa do señor’), onde, ademais de xustificar este nome fonética e semanticamente, compara esta denominación con outras candidatas sobrevividas noutras áreas: ἐκκλησία ‘corpo de conselleiros’ (que vén a ser unha tradución do hebreo *qāhāl* ‘congregación’), βασιλική (οἰκία ou στοά) ‘casa real’, ou (*aedes*) *dominica*. Os estudos etimolóxicos sobre o galego non van permitir facer resumos etimolóxicos tan afinados como os do *OED*, pero non está mal poñermos unha meta parecida que xa se verá como se cumpre.

4. Entramos finalmente na parte máis importante de calquera dicionario: a que trata dos sentidos das entradas ou información lexicográfica propiamente dita. Cada entrada (a non ser as que sexan referencias cruzadas) terá que ter obrigatoriamente unha definición (como mínimo) e un ou máis exemplos. Ocasionalmente pode haber outras informacións, como son as referidas ó estatus da palabra (arcaísmo, forma non naturalizada), etiquetas de tipo gramatical (cando a palabra se usa cunha función que non é a esperada, por exemplo substantivos atributivos, adxectivos substantivados), rexistro (dialectal, vulgar, etc.) –asunto sobre o que hai moita literatura–, materia (*Biol.*, *Arquit.*, etc.), locucións e derivados (que non teñan entrada). Da maioría destes temas non imos ocuparnos; só diremos algo da definición e dos exemplos.

Pero antes convén facer unha advertencia. Cando se define o valor dunha palabra é sempre en relación co valor que outras palabras teñen nunha etapa da historia. Nunha historia de oito ou máis séculos a lingua produciu innumerables innovacións que alteraron o valor recíproco dunhas palabras coas outras. Isto engade unha dificultade metodolóxica ós dicionarios históricos, dado que na medida do posible teñen que dar conta das sucesivas sincronías (supoñendo que queiran respectar a dicotomía saussureana); como aliás o hai que ir facendo para os fenómenos gramaticais nunha gramática histórica (das do tipo da “economía dos cambios fonéticos”). Na práctica, facer isto, ou sexa trazar a historia da palabra en relación con todas as outras palabras do seu campo, sería enormemente laborioso e irrealizable para todo o léxico, pois equivalería a facer un estudo onomasiolóxico de todos os campos; cada palabra esixiría case unha tese de doutoramento. Ora, por experiencia sabemos que os sentidos cen-

trais dunha palabra poden manterse estables ó longo do tempo. No *OED* unha acepción de *church* como ‘conxunto dos clérigos dunha relixión ou un segmento dela’ (do tipo a *igrexia española*) mostra exemplos desde o século X á actualidade. Outras veces as palabras cambian de significado; o fr. *naïf* pasou de ‘nativo, natural’ a ‘falto de artificio’ (e mesmo a ‘inxenuo’) e no *TLF* dáse a cadea de pasos pormenorizadamente. Pero nos dous casos non se fai referencia ás relacións paradigmáticas de *church* ou *naïf* con outras palabras afíns; o mesmo que ocorre tamén nas gramáticas históricas (non estruturalistas) con fenómenos fonéticos e gramaticais. Desta maneira queda testemuño de como unha palabra existiu no discurso pero non no sistema. Tendo en conta que facer un dicionario respectando escrupulosamente os principios saussureanos indicando como cada palabra cambia segundo cambia o sistema é irrealizable, os lexicógrafos estruturalistas máis escrupulosos prefiren abordar a historia léxica dunha lingua a través dunha batería de dicionarios de épocas sucesivas (como e o caso de Imbs e o seu *TLF*). O malo é que esta solución ten dificultades prácticas, porque realizar unha batería de catro ou cinco dicionarios correspondentes a outros tantos cortes cronolóxicos é economicamente inviable. O mesmo Imbs e editores sucesivos, recoñecendo isto, engaden unha nota, como queda visto, ó final de cada entrada na que se xustifican historicamente os sentidos que ten unha palabra no francés moderno.

Pasando por alto esta eiva dos dicionarios históricos, imos logo ó núcleo esencial do dicionario: a análise sémica do vocabulario. Non imos expor aquí ningunha teoría nova, pois é o tema principal de calquera manual de lexicografía; hai mesmo libros enteiros dedicados ó problema da definición e da desambiguación da polisemia. Nos prólogos dos dicionarios hai tamén con máis ou menos pormenor ideas sobre a metodoloxía lexicográfica verbo disto. Cada lingua impón unhas certas estratexias, e a nosa pola súa historia tamén nos vai impoñer algunhas, pero hai principios de tipo xeral que podemos ir apuntando baseados na experiencia e na ensinanza allea.

Do vocabulario dunha lingua hai unha masa considerable que non ten grandes problemas lexicográficos: son as palabras monosémicas pertencentes ás nomenclaturas científicas, que crecen na medida en que nos distanciamos da lingua común; en xeral nos dicionarios bilingües teñen correspondencias exactas. En cambio, o núcleo fundamental do idioma está formado por uns cantos milleiros de palabras polisémicas que necesitan unha metodoloxía de análise porque son potencialmente portadoras dunha ambigüidade; naturalmente, para que un discurso sexa eficaz, a persoa que o produce, cando insire nel unha palabra polisémica e daquela

ambigua, ten que fornecer ó mesmo tempo as claves necesarias para que o receptor da mensaxe (no noso caso o lector lexicógrafo, porque os textos que manexamos como cörpera son só escritos) poida decodificala adecuadamente. As claves que se lle dan ó lector cando desambigua, ou ó lexicógrafo cando agrupa por afinidades semánticas as diferentes papeletas ou rexistros dunha palabra, son variadas (seguimos o esquema de Imbs no prólogo do *TLF*, pero é unha práctica experimentada en toda a lexicografía desde o Renacemento).

(a) A maioría das claves son de tipo contextual (colocacións) na medida en que pertencen a un uso habitual colectivamente memorizado. Estas claves ou auxiliares poden ser:

- O *contexto inmediato*, e desta maneira o adxuvante pode ser *categorial* (unha palabra cambia de sentido co cambio de categoría: *pasaxeiro* s. ou a.: *un pasaxeiro, unha crise pasaxeira*), de natureza *sintáctica* (unha palabra non significa o mesmo se só se usa en singular ou se se pode usar en singular e en plural: *a luz é intensa, vexo dúas luces*; ou se cambia de significado segundo a preposición que rexa: *mirar algo, mirar por algo*).
- O *auxiliar dominio*. É ben coñecido que moitas palabras teñen unha acepción diferente na lingua común ou cando son usadas nun dominio específico (unha ciencia, unha técnica, un oficio): *mesa* non é o mesmo na lingua común que cando se fala de carros do país; a *silencio* pásalle o mesmo segundo o usemos na lingua común ou falando de música (*gardar silencio, un silencio de redonda*).
- O *auxiliar retórico* (ás veces concomitante –redundantemente, porque a lingua é moitas veces redundante– co contexto inmediato). Referímonos con isto ó uso que se fai dos vocábulos co recurso da metáfora, da metonimia e da elipse, que nos dicionarios se inventarían tamén como acepcións dentro do campo sémico dunha palabra: a *febre*, que é unha alteración da temperatura corporal (*a febre do cativo*), pode por metáfora pasar a desexo incontrolado (*a febre dos consumidores*); *mesa* é un moble coñecido, e por metonimia *mesa do leite* ou *Mesa pola Normalización Lingüística* é un grupo de persoas, que se constitúen non necesariamente arredor dunha mesa, para reivindicar algo; *vehículo automóbil* incorpora os semas de ‘vehículo’ a *automóbil* cando *vehículo* desaparece por elipse. Hai que ter en conta que as relacións metonímicas e meta-

fóricas teñen diferentes graos de transparencia, pero o que interesa aquí é chamar a atención sobre o procedemento.

- O *auxiliar estilístico*, que é diferente do retórico porque non se refire a figuras de pensamento senón a situacións nas que están involucrados o emisor e receptor (niveis de lingua) ou á intensidade expresiva ou afectiva que caracterizan o uso dunha palabra (rexistros). Sabido é que estas connotacións distinguen certas palabras dalgúns sinónimos semánticos (*falador* equivale a *larapeteiro*, pero dependendo só do rexistro) e, o que é máis importante aínda, interveñen na segmentación polisémica das palabras (por exemplo *home* ten a acepción de *marido* só nun contexto de lingua popular; *fnar* pode significar *morrer* por razóns eufemísticas). Moitos destes sentidos dependen do sistema de valores de cada época e aínda de cada grupo, e daquela as connotacións poden cambiar segundo cambien as situacións socioculturais (cfr. palabras como *aristócrata*, *burgués*, *fascista*, *clase*, *masa*, segundo onde e por quen se digan; as regras de boa crianza fixeron que ó longo da historia bastantes palabras se tabuizasen).
- Os *auxiliares demarcativos*, que axudan tamén a desambiguar a polisemia, pois segundo as palabras do seu contorno unha palabra pode significar unha cousa ou outra; na maioría dos casos un verbo ten sentidos diferentes dependendo dos complementos (ou actantes) que teña; nos dicionarios distínguense tradicionalmente sentidos dos verbos segundo o carácter transitivo, intransitivo, pronominal, etc. (*aproveitar/aproveitarse*). Tamén as variacións na morfoloxía poden discriminar sentidos (*fumes* en plural é 'vaidade, arrogancia').
- As *condicións semánticas* son os auxiliares máis importantes para demarcar sentidos. Un verbo, por exemplo, pode ter sentidos diferentes segundo o suxeito sexa animado/inanimado, humano/animal, persoa/cousa, abstracto/concreto (*fulano corre, a auga corre, o día corre, o rumor corre; fulano quere a mengana, as plantas queren luz*).

Todos estes coadxuvantes contextuais permiten desambiguar polisemias tanto se o dicionario é histórico como sincrónico; de feito, nos dicionarios históricos asúmese que un significante ten un significado constante durante un certo tempo e ten que dar noticia das mutacións formais como das perdas ou gaños no significado; mesmo en certos casos terá que asumir as estratexias dun dicionario bilingüe cando a palabra

que se define con palabras de hoxe xa non teñen vixencia no vocabulario actual. Naturalmente, tamén ten que dar noticia dos cambios de valores que gobernan os rexistros: palabras que no galego medieval eran neutras hoxe son palabróns ou ó revés¹².

(b) Por outra parte, hai que ter en conta que a polisemia e homonimia son dúas caras da mesma moeda. Para linguas como as europeas, onde hai dicionarios etimolóxicos, significantes idénticos adoitan darse como entradas diferentes sempre que a etimoloxía as retrotraia a étimos diferentes (*golpe* ‘raposa’ e *golpe* de *golpear* son dous lemas etimoloxicamente diferentes). Pero hai moitos casos para os que as etimoloxías son descoñecidas ou escuras e non sabemos se estamos ante voces homónimas ou polisémicas; hai mesmo casos nos que tratándose dunha palabra etimoloxicamente única as acepcións son tan diferentes que carecen de vínculo semántico ningún, ou sexa, carecen de semas comúns que permita unificalas como un significante único. Nestes casos os auxiliares demarcativos anteriores non son eficaces e é a *análise distribucional* a que pode dar indicios de se dous significados pertencen a un mesmo lema ou cada un a lemas diferentes: é o que ocorre hoxe con *franquear unha porta* (‘abrila’) / *franquear unha carta* (‘selala’), que non teñen ningún sema en común nin calquera outro vínculo semántico; produciuse nelas o que se chama “rotura da unidade de campo” ou “homonimia interna”. Nun dicionario de lingua (e mesmo nun dicionario histórico por etapas) *franquear* debería ter dous lemas homónimos. Con todo, non é este o caso dun dicionario histórico, que como o etimolóxico trata da historia das palabras; neste caso os dous *franquear* acabarían (histórica e etimoloxicamente) remontándose a un único *franquear*, cunha soa acepción ou con dúas, pero menos distanciadas e polo tanto de lema único.

(c) Con auxiliares contextuais ou sen eles, as palabras hai que analizarlas componencialmente como acabamos de ver (nos casos de homonimia interna); desa maneira inventaríanse acepcións novas segundo se engadan ou muden semas: *muller* ‘ser humano de sexo feminino’, se ten engadido o sema de ‘unida a un home por matrimonio’ ten a acepción de *esposa*. A adición de semas, polo xeral, dá lugar a significados máis concretos; a falta deles dá lugar a significados máis abstractos ou xenéricos. Na análise componencial, como se sabe, os diferentes semas organizanse de modo xerárquico de maneira que un deles é o clasificador e os outros engaden diferenzas específicas.

12. Imos pasar por alto o problema da homonimia, que é unha variante da polisemia.

Todo isto é de manual. Pero despois a práctica lexicográfica admite moita flexibilidade porque, sexan polisémicas, sexan homonímicas, a lexicografía non deu definido aínda ata qué extremo se debe apurar a discriminación de sentidos. É un problema vello dos dicionarios e nos libros de lexicografía que tratan do tema sempre se chama a atención sobre como en dicionarios de alcance similar (polo tanto non é un problema de tamaño) a polisemia se trata de maneira moi diverxente, como se desprende do número de acepcións, poucas veces coincidente, que se dan da mesma palabra; porque entre os lexicógrafos hai dúas tendencias, a dos *splitters* e a dos *lumpers* (ou xebra-dores e agrupadores), segundo tendan, como os taxonomistas da bioloxía, a recoller os matices máis miúdos ou prefiran dar nunha única acepción varios sentidos algo diferentes pero con trazos comúns. Cítase como exemplo de *splitter* o dicionario da Crusca, que para *luogo* ten 172 parágrafos, en contraste co Littré, onde *lieu* ten só 24 (salvadas as diferenzas que poida haber de lingua a lingua, que son poucas (véxase Migliorini 1961: 46). Polo seu carácter, os dicionarios históricos pertencen todos á clase dos *splitters*. Así é que para entradas algo complexas, para que o lector non se perda, a entrada vén encabezada cun índice, que agora no *OED* electrónico se proporciona como un plano ou mapa da entrada (cfr. *light* a1).

5. Posterior á clasificación de acepcións dunha palabra (que xa se basea nunha análise sémica que en certa maneira supón unha definición) vén a definición mesma. A definición é a parte esencial dun dicionario (excepto dalgúns tipos de dicionarios moi especiais). Non nos imos deter agora nunha teoría da definición, porque a definición dun dicionario histórico non é diferente da definición de calquera dicionario de lingua e sobre ela hai literatura en todos os manuais, incluídos varios, excelentes, en castelán (como Lara 2004). Xa se sabe que unha definición correcta é aquela na que hai equivalencia semántica exacta entre o lema e a súa paráfrase ou o sinónimo que lle segue. Polo tanto, unha definición será boa se *definiendum* e *definiens* son reversibles. É verdade que hai palabras especiais (á parte das gramaticais) que non se poden definir por sinónimos nin polo procedemento aristotélico de *genus proximum* e *differentiae specificae* porque son primitivos semánticos, ou sexa, palabras que teñen un contido semántico que non ten *genus proximum* porque por riba do seu *genus* xa non hai nada; non son hipónimos de ninguén (ou non teñen hiperónimo, que é o mesmo); é o caso de *facere*, *suceder*, *parte*, *dicir*, *grande*, *onde* e unhas ducias máis (cfr. Wierzbicka 1996). O nome de “primitivos” xa vén de Arnauld (1662) (Wierzbicka 1996: 12); dito nas palabras de Wierzbicka (1996: 10), “os elementos que se usan para definir o significado

de palabras (ou calquera outro significado) non poden ser eles mesmos definidos; máis ben deben de ser aceptados como *indefinibilia*". Por iso as definicións destas palabras ou son circulares ou son máis escuras cá palabra mesma pois non se pode cumprir o requisito de que a definición sexa construída con elementos máis simples e comprensibles cá palabra definida. Na lexicografía clásica xa se entendía así: "*être 'exister' ne comporte pas définition analytique parce que il n'y a pas de terme ayant un contenu plus général que lui, faute de quoi on a recours à des définissants simplement synonymes et/ou à des définitions d'antonymie*" (TLF).

Ademais da exactitude hai unha serie de notas engadidas que se lles adoita pedir ás definicións lexicográficas, entre elas, a brevidade e, de ser posible, a elegancia.

As definicións lexicográficas son, como é sabido, definición de palabras, e non de cousas (estas serían máis propias dun dicionario enciclopédico). Con todo, cando definimos unha palabra mostrando o seu xénero próximo (*escano* 'banco...') estamos orientando o lector cara a un referente extralingüístico, en certa maneira mostrándoo (función deíctica) e a través das diferenzas específicas ('corrido, fixo e con respaldo...') estamos mostrando os mobles que teñen características parecidas pero non idénticas.

Por iso, as definicións dos dicionarios históricos desenténdense bastante dos principios da reversibilidade e de que as definicións sexan definicións de palabras e non de cousas. Certamente un lector de dicionarios históricos (forzosamente un especialista ou un curioso moi motivado pola historia da lingua) prefire os pormenores enciclopédicos á definición do signo, ou mesmo a redundancia de informacións á reversibilidade. Tamén pola mesma razón de que un lector de dicionarios é unha persoa de certa cultura se preocupa menos cós lectores doutros dicionarios de que as palabras da definición sexan "menos escuras" cá entrada mesma, porque se entende que o seu posible lector domina un caudal léxico maior có dun lector normal.

No OED, por citar un clásico, abundan definicións como as seguintes:

place (sb) 1b.

In modern use, forming the second element in the name of a group of houses (and hence of a street) in a town or city, now or formerly possessing some of the characters (positive or negative) of a square, chiefly that of not being properly a street.

Often used in the name of a small area more or less built around, and lying aside from a street or thoroughfare, or of a short *cul-de-sac* or byway turning out of a main thoroughfare; also, more vaguely given to a short row or 'terrace' of houses, which originally stood by themselves on a suburban road; being in fact a ready denomination for any aggregation of houses which cannot be more particularly classed.

Employed in 16th c. to render F. *place* and its Italian, Spanish, and German cognates, in reference to foreign towns, whence introduced in English towns. (But in some cases the name 'Place' has arisen out of sense 4b, the site being that of a nobleman's or bishop's town-residence, which bore the name, e.g. Ely Place in London [A definición é de Murray].

square (sb) 12. a

An open space or area (approximately quadrilateral and rectangular) in a town or city, enclosed by buildings or dwelling-houses, esp. of a superior or residential kind, freq. containing a garden or laid out with trees, etc.; more generally, any open space resembling this, esp. one formed at the meeting or intersection of streets; also, the group of houses surrounding an area of this kind [A definición é de Craigie].

Murray e Craigie, de quen son as definicións anteriores, pertencen aínda á lexicografía clásica (aínda non naceran os Rey, Quemada, Hausmann, etc.). Pero cando Imbs (ou Quemada ou Martin) ou os seus axudantes escribiron estouta definición para o *TLF* si que estaban xa a lexicoloxía e a lexicografía moito máis adiantadas, e en cambio seguen a dar definicións tan pouco reversibles coma esta, por moito que lle quitemos o “entorno”:


PLACE, subst. fém.

A. 1. *Place publique* et, p.ell., *place*. Dans une ville, une agglomération ou un village, lieu public consistant en un espace plus ou moins large, découvert et le plus souvent entouré de bâtiments publics, où aboutissent plusieurs rues ou avenues, et où ont lieu souvent des activités commerciales, festives ou publiques.

No caso do noso dicionario histórico galego, igual que ocorre nos glosarios suízos, ou no *DCVB*, na miña opinión, o principio das equivalencias sémicas non debe de ser unha camisa de forza, pois o usuario dun dicionario destas características, especialmente en palabras patrimoniais que teñen algo que ver coa vida espiritual ou material dos galegos ou en voces das nomenclaturas (partes do muíño, ferramentas, etc.), máis que a equivalencia exacta e a reversibilidade, agradecerá informacións enciclopédicas que vaian máis alá dos trazos esenciais; mesmo sería bo, se é do caso, mostralle os obxectos nun gráfico ou nunha imaxe.

Hai aínda pormenores referidos á definición, como son o nada sinxelo da xerarquización das acepcións. Nos dicionarios históricos a organización non pode ser senón cronolóxica. Na práctica, isto en moitas palabras é imposible, porque acepcións que foron orixe doutras poden estar documentadas despois das que derivan dela. Por iso, cada definición pide estratexias diferentes. No noso caso, que temos unha historia literaria interrompida, é probable que as rupturas cronolóxicas sexan frecuentes. En calquera caso, independentemente de que saibamos que rama vén antes

ou vén despois, nestes dicionarios poden haber varios niveis de xerarquización, como se ve polos catro en que Onions dividiu os 12 sentidos da palabra *whimsy* (cfr. Berg 1993: 34) e casos parecidos a centos:



A outra parte importante da definición son os exemplos. Ilustrar con exemplos as definicións é unha práctica que se vén facendo desde o Renacemento para as linguas clásicas e xa desde o XVII para os dicionarios monolingües de linguas modernas. Aínda que Saussure cuñou a famosa frase de que un *dictionnaire* é un *cemitière*, a verdade é que isto é unha esaxeración, posto que é xusto nos dicionarios onde se ven claramente as dúas caras da súa dicotomía, por un lado a definición, que nos mostra cal é (ou foi no tempo) o nicho dunha palabra na *langue*, e por outro os exemplos, que son produtos reais onde se mostra a palabra funcionando na *parole*. Os exemplos veñen a ser para o lector como os testemuños de que a definición que elaborou o lexicógrafo responden a unha realidade non fabricada. Como di Imbs, nunha definición con exemplos o lector está á vez en presenza de esquemas abstractos e de modelos concretos, de maneira que en casos de dúbida pode ir dos esquemas ós modelos e confrontalos, e confrontalos aínda cos seus propios enunciados ou intuicións.

Canto ós exemplos cómpren tamén algunhas precisións. Nos baleirados manuais de textos os investigadores xa eran selectivos na recolla de datos, pois das palabras frecuentes non rexistraban senón mostras escolleitas; eran, en cambio, máis exhaustivos coas palabras de frecuencia menor ou obsoletas. Así quedaban os ficheiros desproporcionados (abundantes de palabras raras e escasas e palabras comúns). Os redactores do *OED*, cando Murray se fixo cargo da redacción, tiveron que solicitar dos lectores que lles fichasen tamén as palabras frecuentes. Agora, cos balei-

rados electrónicos, o vocabulario non leva filtros humanos (ou non leva máis filtros cós que lle queiramos impor á máquina) e poden aparecer todas as palabras dun corpus, cada unha coa súa frecuencia; iso quere dicir que palabras con moitas ocorrencias van ter moitas fichas e o problema convértese no contrario, ou sexa, nun exceso de documentación: palabras como *ter*, *vir*, *haber...*, e xa non digamos algunhas palabras gramaticais, que teñen decenas de millares de exemplos cada unha (polo menos para un corpus de cerca de 15 millóns, como é o noso moderno). Nestes casos o redactor do dicionario ten que operar só cunha mostra e aínda dela só lle pode trasladar ó lector un exemplario moi reducido.

Hai que ter en conta que os exemplos son os portadores dunha tradición e deben deixar ben manifesta a súa continuidade ou a súa ruptura. No *OED* insírense, ordenados cronoloxicamente, de dous a cinco exemplos por século. No *DHLE* danse tres ou catro por século e indícase que entre o século tal e cal hai máis de 124 fichas (ou as que sexan), para dar idea da frecuencia. Como o dicionario histórico debe dar conta da cronoloxía das palabras, é imprescindible que a primeira documentación sexa un dos exemplos.

Os textos ilustrativos, sempre que haxa abondos para escoller, deben mostrar a palabra en contextos sintagmáticos que permitan corroborar ben que a análise feita na definición é correcta (nunha entrada como *ovo* convén que entren exemplos que inclúan palabras como *pita*, *poñer*, *niño*, *cesta*, *ducia*, *casca*, *xema*, *choco*, *cocido*, *estrelado*, *podre*, *goro...*). Se por riba os exemplos ilustran as relacións paradigmáticas da palabra (sinónimos e antónimos), os dominios de uso ou os niveis de lingua, aínda mellor. Os textos en prosa sempre son preferibles ós textos en verso.

Para ser ben, os exemplos deben ser autenticamente históricos, ou sexa culturais, demostrativos de usos datados e vencellados ás condicións do medio (Imbs) de maneira que o dicionario de lingua se prolongue tanto como sexa posible nun dicionario de cousas, tanto da cultura material como espiritual. A lingua é un espello da cultura dun país e o dicionario a través das definicións e dos exemplos cumpre unha función antropolóxica (Lara 1990); iso é o que xustifica que poida haber, por exemplo, un *Diccionario del español de México*.

Nos dicionarios de autoridades os exemplos están escollidos cun criterio estético. De feito, quen non era bo escritor xa non era considerado “autoridade”. O noso corpus non foi feito tomando como criterio a excelencia literaria dos testemuños. O corpus non é do galego literario (*belles lettres*), pois hai textos de moitos xéneros. Pero, aínda considerando textos que foron escritos con pretensións literarias, na escolla de

autores para o corpus non fomos escrupulosos por razón de estética; consideramos que para dar testemuño da existencia dunha palabra tan bo era Xosé Baña Pose (=Pepe de Xan Baña) como Rosalía ou Cunqueiro. Con todo, habendo onde escoller (e sempre que outros criterios non o desaconsellen, por exemplo, a cronoloxía ou que o contexto sexa máis esclarecedor), será preferible dar exemplos de escritores bos, e non dos mediocres ou malos.

Sen dúbida o leuario do noso dicionario histórico vai ter un bo número de entradas que non proceden dun corpus, senón doutras obras lexicográficas anteriores (dicionarios, monografía, atlas, etc.). Na maioría dos casos –nunca no atlas– a palabra non está ilustrada con exemplo. Nestes casos o autor do dicionario poderá citar o exemplo do vocabulario orixinal se o ten, pero absterase de fabricar un exemplo. É ben sabido que entre os dicionarios de lingua hainos que optan por dar exemplos reais, pero outros prefiren fabricar os exemplos. Como un dicionario histórico non é un dicionario de lingua con vocación pedagóxica, limitarase a dar os feitos lexicográficos tal como os documenta.

Escusamos dicir que, calquera que sexa a calidade ou procedencia, as citas deben ir sempre coa referencia de fonte. As voces que procedan do *ALGa* ou doutro material dialectal deben indicar a localidade onde foron rexistradas.

Ademais da definición e dos exemplos (con outras informacións, rexistro dominio, etc.), dentro da sección semántica hai aínda outros apartados nos dicionarios históricos; é o ocupado polas locucións (*[saber algo] polo libro* ‘con todos os pormenores’), combinacións frecuentes (*libro do profesor, libro do alumno, libro de instrucións...*) e derivados (*libresco*). Non é este o lugar de discutir sobre o problema das locucións, senón sobre o lugar onde se colocan nun dicionario histórico. Como se sabe, non teñen entrada propia; dáselles entrada debaixo da palabra principal (ou de maior carga semántica) da locución. O *OED* agrúpaas todas despois da última acepción. Podería facerse seguramente doutra maneira (por exemplo, cada locución debaixo da acepción que correspondese), pero supoñemos que iso ten dificultades, porque ás veces non é doado decidir a que acepción corresponde a palabra nuclear da locución.

Ademais das locucións, e a seguir (no *OED* ou no *DHLE*), inclúense tamén frases proverbiais (do tipo *[ser] antes o ovo ou a galiña* para referirse a algo cuxa precedencia é dubidosa).

E finalmente poden (e algúns dicionarios fano) incluír unha serie de colocacións (ou expresións plurirremáticas). Nunha entrada como *antena* (na acepción de ‘aparello de telecomunicación’) deberán figurar *antena*

de recepción, de emisión, parabólica, colectiva, individual, interior, telescópica, aínda que ningunha das expresións necesite definición, porque o seu significado vén cadrando co da suma dos dous elementos.

En canto ós derivados, como xa se dixo, algúns teñen entrada como lemas separados se teñen usos lexicalizados independentes (*librillo* ou *librito* ou mesmo *libriño* ‘o de follas de papel de arroz para lear cigarros’). En cambio, lístanse dentro da entrada, sen definición ningunha, ordenados alfabeticamente e seguidos por unha lista de exemplos, naqueles casos en que o derivado se forma cun prefixo ou un sufixo produtivo e de significado transparente para un nativo; e aquí van todos os apreciativos (*-iño, -azo...*) e aínda outros do tipo *-ble, -idade, -izar, des-, re-* (*educable, galeguidade, galeguizar, desensarillar, recolocar*). Non está moi definido na práctica lexicográfica, con todo, qué derivados teñen entrada e cales se colocan como apéndice dunha entrada; se fosen todos sufixos non presentarían moitas dúbidas (entre outras razóns porque a súa colocación nun dicionario alfabético xa sería contigua á entrada); pero ó haber prefixos, que mandan os derivados a maior parte das veces moi lonxe dos primitivos, obriga a darlles entrada ós derivados aínda que só sexa como referencia cruzada. Nos próximos dicionarios de feitura electrónica este problema da colocación vai desaparecer e mesmo os derivados prefixados poden ter unha remisión interna doada.

Aínda nos queda outra observación que facer referente á parte dos contidos (ou *sense section*) do dicionario. Ata hai pouco o dicionario por antonomasia viña sendo unha obra en soporte papel que se organizaba en artigos encabezados por unha palabra que, entre outras funcións, tiña a de facilitar a busca nunha organización alfabética. Por iso, a gran maioría dos dicionarios eran semasiolóxicos, ou sexa, ían da palabra para o significado. Pero agora as ferramentas informáticas permiten recuperar a información de moitas outras maneiras. Para poñer un exemplo sinxelo, a palabra *choco*, que vimos antes no sintagma *ovo choco*, só se podía buscar en *choco* (claro que se podería buscar noutras partes do dicionario, pero sería obrigatorio ler o dicionario enteiro). Nun dicionario electrónico, supoñendo que se planifique ben e que se lle fabrique un motor de busca adecuado, poderíamos atopar a palabra *choco* en calquera outro lugar, e especialmente nas referencias paradigmáticas (hiperónimos, hipónimos, sinónimos, antónimos ou simplemente palabras de significado afín: *goro, galeado, fecundo...*) que se inclúsen nas definicións; e tamén nas secuencias sintagmáticas que se usasen de ilustracións, como poden ser os exemplos incluídos en sintagmas tales coma *pita, galiña, ovo, auga, caldo, campá, voz, lata, neboeiro... + choco/a*. Un e outro tipo de relacións pode

mostrarse simplemente nunha restrita de colocacións como fai o TLF¹³, en vez de usar un exemplo para cada unha. O ordenador encargárase de informarnos de que *choco* aparece nunha entrada, pero tamén nas entradas *pita*, *ovo*, *auga*, etc., formando sintagmas con elas; ou en *goro*, *fecundo*, etc., coas que forma un paradigma. Isto que xa se fai agora nas consultas complexas dos dicionarios electrónicos. Probablemente se podería completar con algún sistema que marcasse o campo nocional a que pertence cada palabra (ou no seu caso cada acepción). Desta maneira podería facerse por exemplo unha busca de todos os lemas que inclúsen na definición o hiperónimo “peixe”; sería cuestión de establecer unha arborización xerárquica de campos ou utilizar algunha xa fabricada, como a dos dicionarios ideolóxicos, ou o *Begriffssystem* de Hallig / Wartburg (1952), ou o *wordnet*, e usar definidores de maneira consistente. E así podería conseguirse unha explotación onomasiolóxica (da idea á palabra) do dicionario, útil entre outras cousas para facer etimoloxías.

6. E vén agora a parte máis delicada do dicionario (polo menos do noso), que é a súa fabricación e viabilidade.

Polo que dixemos nesta mesma contribución, o primeiro paso está dado: o material sobre o que facer o dicionario existe xa, pois co *TMILG* e co *TILG*, que xuntan entre os dous máis de 20 millóns de rexistros, hai un carozo máis que representativo para comezar. É verdade que hai outros cörpera complementarios non integrables no mesmo ficheiro, como son o *CORGA*, os varios cörpera da Universidade de Vigo¹⁴ e, ademais, o *CO-DOLGA*, e aínda probablemente outros que nin están situados en Galicia (especialmente para o galego antigo). A experiencia dirá cando o solapamento é total ou cando vai ser necesario botar man de datos alleos. Por outro lado, se consideramos os dicionarios como corpus, temos xa unha boa parte deles reunidos nos dous dicionarios de dicionarios, moderno e medieval (Santamarina 2003b e González Seoane 2006). Sería desexable que os diferentes cörpera, tanto de textos como de dicionarios, se integrasen nunha única base de recursos, e iso é posible que suceda antes de dous anos. É verdade que hai dispersa outra documentación, ás veces dentro da mesma casa, como é a do *ALGa* ou do Arquivo Dialectal (que habería que pór en formato integrable ou polo menos manexable); outra veces o material está fóra do ILG e aínda non dispoñible de todo, como

13. *Œuf d'autruche, de cane, de merle, d'oie, de pigeon, de poule; pondre, couvrir un œuf; couvaizon, incubation, éclosion de l'œuf... Œuf frais, gâté, pourri; œuf du jour; blanc d'œuf; jaune d'œuf; gôber un œuf cru; mirer un œuf; coquille d'œuf (en parlant d'une couleur); boîte à œufs.*

14. Véxase, neste mesmo volume, o traballo de Gómez Guinovart.

pode ser o procedente do refraneiro e do dicionario de fraseoloxía. E finalmente algunha información está aínda en fontes dispersas e difíciles de recoller, por exemplo a que figura en textos redactados en castelán, que insiren palabras referidas a institucións galegas que non teñen tradución ou que, se a teñen, lle era descoñecida ó usuario. É unha dispersión algo embarazosa, pero creo que as cousas hai que velas polo lado positivo e considerar como corpus básico o *TILG* e o *TMILG* e os dicionarios de dicionarios, e considerar os outros como contrapuntos que poden permitir unhas veces comprobacións e outras completar os datos propios. En calquera caso, os vimbios para facer o cesto xa están xuntos (ou case), non hai que ir ó monte por eles; a obra da cesta está nun estadio en que case se pode comezar a tecer.

Agora, podemos formular unha pequena batería de preguntas que non son doadas de responder. Entre elas as seguintes: (a) quen fai o dicionario histórico, (b) ónde se fai, (c) canto vai levar facelo, (d) canto vai custar facelo e tamén (e) cómo se fai.

(a) A primeira pregunta é quizais a máis doada de contestar porque hoxe son moitos os que neste país saben como se fai (e tamén como non se debe facer) un dicionario. En principio, parece que algunha responsabilidade deberían de ter os que se ocuparon previamente de organizar os cörpora de base, pero non necesariamente só eles. O que está claro é que a duración da obra vai depender directamente do número e preparación e dedicación das persoas que traballen nela. Iso quere dicir que o razoable sería que houbera un equipo estable que, como pedía Julio Casares (desenganado de ver como os membros do seu equipo se ían marchando despois de estaren preparados), estea “decorosamente pagado”. Hai que ter en conta, de todas maneiras, que agrupar por afinidades os diferentes valores dunha palabra e facer despois as súas definicións é un traballo delicado para o que non todos valen, e daquela a escolla dos membros do equipo debe efectuarse despois de avaliados adecuadamente os talentos de cada un. Entre os fabricantes do dicionario non esquezamos que hai unha parte informática que debe ocupar un profesional competente.

(b) A segunda pregunta (ónde se fai), no caso dunha lingua coma a nosa, hai que responder dicindo que no seo dunha institución académica. Un particular ou unha institución privada con ánimo de lucro nunca vai embarcarse nunha empresa destas características, porque é o mesmo que embarcarse nunha empresa de perdas millonarias; quen pense na posibilidade de que apareza un mecenas privado, sexa persoa ou fundación, disposto a perder cartos pola cultura do país está botando as contas da leiteira,

porque esa é unha especie extinguida, ou, se a hai, é intereseira. Daquela quedan só dúas institucións que poidan facelo, ou a Universidade (enténdese universidades, que hai tres) ou a Academia, ou as dúas. Naturalmente, hai a posibilidade de que se faga só na Universidade de Santiago de Compostela, e máis concretamente no ILG, pois é en definitiva onde están os córpora principais. Isto ten inconvenientes insuperables por dous lados; en primeiro lugar, porque o ILG non é como o CSIC, onde pode haber un grupo de investigadores sen docencia a tempo completo dedicados exclusivamente a iso; ou sexa, é inviable que a USC (ou as tres universidades se algún día o ILG pasa a interuniversitario) poida convocar catro ou cinco prazas de lexicógrafo. Igualmente, a posibilidade dun proxecto de investigación dentro do ILG ou dun convenio tampouco é viable á vista de como está a política de investigación neste país, onde os convenios van de ano en ano e non se pode garantir unha estabilidade, e os proxectos competitivos a nivel autonómico ou estatal, aínda que poden ser por tres anos, non permitirían contratacións “decorosas” para persoas co nivel de preparación requirido por un proxecto deste tipo (á parte de que nos proxectos estatais están excluídos os dicionarios). Así é que, na miña opinión, de ser unha empresa realizable, só podería ser a través dunha colaboración entre a Academia e o ILG. A Academia ten entre os seus cometidos fundacionais a compilación dun dicionario. Claro que a Academia podería optar por facelo ela soa, e estaría no seu dereito, pero sería bastante absurdo que volvese a empezar de cero e empezase a compilar un corpus no que se leva máis de 20 anos traballando e que xa está feito. Poñéndonos no mellor dos casos, que entre a Academia e o ILG houbera un acordo de colaboración, o problema do financiamento persistiría porque a Academia tería que negociar á súa vez con outras institucións o financiamento. Iso vén a ser como pasarlle o morto a outro. De todas maneiras, cremos que a Academia está en mellor situación de conseguir un financiamento, pois, tendo en conta que as leis lle deron a potestade en materia lingüística, tamén deberían darlle os medios para que fabrique os recursos lingüísticos adecuados. Neste ano do centenario en que todos son a recoñecerlle unha autoridade ben ou mal gañada, sería esperable que lle recoñecesen tamén un orzamento axeitado. Lembrei antes que o Ministerio de Educación lle concedeu unha renda anual de 1.2 millóns de euros á RAE mentres duren os traballos do dicionario histórico do español (e non é unha cifra incompatible cos donativos de institucións privadas ou de mecenas individuais). No noso caso, por parte dos poderes públicos (galegos e estatais) a política é ter amarrada a Academia por convenios anuais en vez de asegurarlle unha cantidade anual fixa nos orzamentos da Comunidade Autónoma; pero iso é unha dinámica que conviría

romper e asegurarlle á RAG por algún organismo da administración un financiamento de longa duración. En calquera caso, a RAG está en mellores condicións de conseguir ese financiamento do que o ILG. Pero así como case se pode garantir que a RAG diría si ó proxecto común, non está tan claro claro que as institucións autonómicas e estatais estean dispostas a concederlle un financiamento axeitado. No prólogo do *WNT* dicía Matthias deVries que “a lingua é a alma da nación; é a nación mesma” (*apud* Osselton 2000: 68). No noso caso, se se mira a lingua con tantas reticencias como a nación, a cousa pode ir para largo.

(c) Canto vai levar facelo? Pois depende de canta xente traballe, e á súa vez isto depende do financiamento que haxa, entre outras cousas máis. En xeral, estas obras nunca duran o que se calcula, entre outras razóns porque non se pode facer ben o cálculo mentres non se entre en materia, ou sexa, se saiba cantos lemas hai que definir e que cantidade media de lemas pode definir cada redactor por ano. Os calculadores sempre pecan de optimistas. Para que se vexa o enganoso que son os cálculos *a priori* vede na seguinte táboa a diferenza que houbo entre o tempo previsto e o tempo real das seguintes empresas:

Diccionario	Comezo	Fin	Anos previstos	Anos reais	Veces o previsto
DWB	1838	1961	10	123	12,3
OED	1876 (1858)	1928	13	52	4
WNT	1852	1998	25	146	5,84
SAOB	1883	2017	12	166	13,8
ODS	1901	1956	12	55	4,5
NO	1930	2014	?	84	?
DCVB	1901	1962	?	61	?

Outras empresas resultaron peor, como é o caso do *DHLE*, que dúas veces consecutivas non pasou do volume II.

Agora comprenderase por que o ILG ten difícil embarcarse só nunha empresa coma esta; aínda o ten difícil a Academia se vai negociar un convenio cunha Consellaría ou cun Ministerio se se presenta cunha memoria na que se inclúa a táboa anterior.

Con todo, cremos que o galego está nunha situación máis favorable cás linguas anteriores con vistas a facer un diccionario histórico en tempo breve, entre outras razóns porque non é unha lingua tan “copiosa” (non podemos fachendear diso) coma as dos arredores. A nosa literatura é pequena e lacunosa; as nomenclaturas de oficios son escasas, o uso do ga-

lego nas ciencias foi cativo, así é que o número de lemas rexistrado nos nosos córpora vai ser bastante menor; menor incluso có do catalán. Iso pode poñernos no equivalente a cinco ou seis volumes do *DCVB*, supoñendo que se fixese en papel. Téñase en conta ademais que o noso corpus está feito; para os dicionarios da táboa anterior a data de inicio é a que corresponde á de comezo do baleirado de textos; tal como están as cousas nós poderíamos comezar xa os traballos de redacción en poucos meses. Por outra parte, habería que imitar máis ben ós que buliron que non ós que buliron pouco ou traballaron con interrupcións (a pesar deles). O *TLF* comezouse en 1957, apareceu o 1º volume en 1971 e rematou en 1994 (47 anos); o *GDLI* empezou a publicarse en 1961 e rematou en 2002; o *WAT* (do afrikaans) vai ben de ritmo. Así é que, poñámonos no mellor dos casos, con cinco redactores *full time* máis os que xa gañen un soldo por outro lado (na universidade por exemplo) e poidan dar cheda na obra do dicionario, en 10 anos poderían ter redactado un bo carozo del. Dentro dun pouco diremos unhas palabras sobre como se fai e volveremos sobre isto. Sexa como for, o tempo que leve facelo vai depender da cantidade de xente que traballe e de que traballe coa dedicación esperada. O *detallismo* con que se faga tamén pode influír na duración; se cadra é mellor nunha primeira edición sacrificar algún pormenor secundario.

(d) Canto vai custar? Depende da cantidade de xente que traballe nel e do tempo que leve rematalo. Cos datos que dei antes pode calquera botar a conta: cinco lexicógrafos e un informático con dedicación exclusiva poden levantar un 300 mil euros ó ano. Se son 10 anos son 3 millóns de euros dos de hoxe. Dáse por sentado que os académicos ou membros da universidade que poidamos traballar niso sería a base de prestacións voluntarias. Na miña opinión, son cifras asumibles e quen se asuste dese monto ten que saber que é un traballo que se pagaría moi xenerosamente con que lle dedicasen unha cuarta parte do que se queima cada ano en fogos ó Apóstolo (e podería poñer moitos máis exemplos de foguetería similar que non dá proveito a ninguén ou dá un proveito ben escaso e efémero). Damos por suposto que o resultado vai ser consultable en principio só por Internet e daquela non haberá gastos adicionais en papel, impresión e encadernación.

(e) Como se fai? Contestar esta pregunta sería o mesmo que ter xa un manual de instrucións de como facelo, cousa que aínda non está pensada nos pormenores (que van ser moitos, e moitos deles só van xurdir e se poderán resolver cando se entre en materia). Non vou facer senón dúas observacións relacionadas coas tecnoloxías actuais e que poden facer máis viable o proxecto, adecuándoo en cada caso á dispoñibilidade de medios.

En primeiro lugar, temos que asumir que o tempo dos dicionarios en papel pasou á historia; a nosa empresa non pode ser como a de a de Aguilar (*DEA*), ou a de UTET (*GDLI*), ou a da OUP (*OED*), que tentan sacar beneficio do moitísimo diñeiro investido; os resultados da nosa empresa serán de uso gratuito como son as beirarrúas ou o paseo da Ferradura; o uso por Internet eliminará a carga de ter que facer un exemplar para cada contribuínte galego. É de supoñer, con todo, que vai haber fanáticos da letra impresa aínda por un tempo, e para estes haberá que facilitar ferramentas que lles permitan cargar e imprimir e encadernar pola súa conta parte da obra ou a obra enteira se queren.

Outra observación. Os dicionarios dos séculos XIX e XX (anteriores a 1961) había que facelos necesariamente en papel e ilos publicando por volumes ou por fascículos, e ademais seguindo a ordenación alfabética. Iso implicaba ter que redactar a entrada *ábaco* antes cá entrada *abade* (ou polo menos todas as palabras do fascículo I antes de entrar no II, pois había que imprimilos e encadernalos). O soporte electrónico vai permitir que a redacción se poida empezar por calquera sitio do alfabeto e seguindo a orde que sexa máis axeitada, se cadra unhas veces por campos léxicos e outras por familias de palabras, pero sempre guiados por criterios non alfabéticos. Iso vai permitir que nos centremos de entrada nas 20 ou 25 mil palabras patrimoniais, é dicir, aquelas palabras que se manifestan dentro de estruturas lexicais complexas, e que deixemos para o final a terminoloxía e as nomenclaturas (sempre cando non se refiran a realidades da cultura espiritual ou material galega). Noutras palabras, o usuario dun dicionario histórico galego vai estar sempre máis interesado en atopar nel palabras como *abondo*, *acabar*, *anciño*, *afogar*, *alumar* ou *alí* (e podemos incluír nesta lista tamén palabras do galego antigo xa desaparecidas como *cócedra* ou *concambiar*) do que palabras como *abrasivo*, *acarofobia*, *acetileno*, *agaricáceas* ou *albuminasa*. Todas as palabras do segundo grupo, que teñen interese por moitas outras razóns, son fabricacións máis ou menos antigas que se poden atopar nos dicionarios de calquera lingua e teñen unha definición que é traducible literalmente dunha lingua para outra. Por iso os primeiros dicionarios (*Vocabolario della Crusca* 1612, *Dictionnaire de l'Académie Française* 1694, *Diccionario de Autoridades* 1726) non incluían o vocabulario *des arts e des métiers*, e aínda hoxe son un problema para dicionarios con vocación exhaustiva como o *OED* ou o *TLF*, conforme vimos, porque universalismos destes hainos a millóns e naturalmente non se pode facer un dicionario dun millón de palabras. Desta maneira, podería ir montándose gradualmente un dicionario partindo do vocabulario máis representativo da etnicidade galega e ir engadíndolle materiais conforme se fose dispendo de medios. Propoño, como

se ve, comezar polo máis urxente; se se procede así, forzosamente o noso dicionario histórico nun principio vaise parecer máis ós glosarios suízos ca ós dicionarios históricos das grandes linguas; pero a nosa aspiración deber ser que entre todo, tanto *alumar* como *albuminasa*.

